



Colexio Oficial de  
Arquitectos de Galicia

MEMORIA DE XESTIÓN  
**2005**

## ÍNDICE

1. XUNTA DE GOBERNO.....	3
1.1. COMPOSICIÓN E SESIÓNS.....	3
1.1.1.COMISIÓN EXECUTIVA.....	3
1.1.2.ESTRUCTURA DAS COMISIÓN S E DELEGACIÓN S COLEXIAIS .....	4
1.2.1. PRINCIPIOS DE POLÍTICA PROFESIONAL E ACTUACIÓN S DA XUNTA DE GOBERNO ..	6
1.2.1.1. RELACIÓN S COA ADMINISTRACIÓN DO ESTADO .....	6
1.2.1.2. RELACIÓN S COA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA .....	6
1.2.1.3. RELACIÓN S COA ADMINISTRACIÓN LOCAL E OUTRAS ADMINISTRACIÓN S...	7
1.2.1.4. RELACIÓN S COAS INSTITUCIÓN S DOCENTES .....	7
1.2.1.5. RELACIÓN S CO CONSEJO SUPERIOR E OS COAs.....	7
1.2.2. RESPECTO DA PROFESIÓN E O COLEXIO .....	9
1.2.2.1. RENUNCIA DA ILMA. SRA. DECANA E ELECCIÓN S PARCIAIS .....	9
1.2.2.2. ESTRUTURA COLEXIAL. REFORMA E ADAPTACIÓN DOS ESTATUTOS DO COAG.....	10
1.2.2.3. MODIFICACIÓN DO BAREMO PARA A DETERMINACIÓN DOS HONORARIOS.....	10
1.2.2.4. IV ENCONTROS INTERNACIONAIS DE ARQUITECTURA .....	10
1.2.2.5. PROXECTOTERRA.....	11
1.2.2.6. OUTRAS ACTIVIDADES .....	12
1.2. TESOURERÍA E CONTADORÍA.....	13
1.3. SECRETARIA .....	22
1.4. ASESORÍA XURÍDICA.....	27

1.5. DEPARTAMENTO DE INFORMÁTICA .....	28
1.6. COMISIÓN DE CULTURA .....	38
1.7. COMISIÓN DE ASESORAMIENTO TECNOLÓXICO .....	49
1.8. COMISIÓN DE PLANEAMENTO E MEDIO AMBIENTE .....	63
1.9. AGRUPACIÓN DE ARQUITECTOS PERITOS E FORENSES .....	64
2. XUNTAS XERAIS .....	66
2.1. ORDINARIAS .....	66
2.2. EXTRAORDINARIAS .....	66
3. DELEGACIÓNS .....	69

## 1. XUNTA DE GOBERNO

### 1.1. COMPOSICIÓN E SESIÓNS

A Composición da Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia durante o exercicio 2005, foi a seguinte:

Decana-Presidenta e representante do COAG no Consejo

*Superior de los Colegios de Arquitectos de España:* .....Dona Teresa Táboas Veleiro (ate agosto de 2005)  
D. Mariano de Labra Morán (en funcións dende agosto ate decembro 2005)

Secretario:.....D. Enrique Urdiales de Santiago (ate setembro 2005)  
D. José Manuel López Mihura (en funcións dende setembro ate decembro 2005)

Tesoureiro-Contador:.....D. José Antonio Vázquez Martín.

Vocal:.....D. José Manuel López Mihura.

Vocal:.....D. Vicente Peláez Sanz.

Vocal:.....D. Mariano de Labra Morán.

Vocal en representación da Delegación de A Coruña:.....D. Felipe Peña Pereda.

Presidente da Delegación de A Coruña:.....D. Alberto Unsain González de Suso.

Presidente da Delegación de Lugo:.....D. Wenceslao Posada García.

Presidente da Delegación de Ourense:.....D. José Jaime Vázquez Iglesias.

Presidente da Delegación de Pontevedra:.....D. José Luis Pichel Fernández.

Presidenta da Delegación de Vigo:.....Dona Mª Asunción Leboreiro Amaro.

Presidente da Delegación de Santiago:.....D. Carlos Almuíña Díaz.

Presidente da Delegación de Ferrol: .....D. Juan A. Pérez-López de Gamarra.

No mes de agosto, produciuse a renuncia aos seus cargos de Dona Teresa Táboas Veleiro e de D. Enrique Urdiales de Santiago, con motivo do seu nomeamento como Conselleira de Vivenda e Solo e Secretario Xeral da Consellería de Vivenda e Solo, respectivamente.

A Decana saínte designou, coa ratificación da Xunta de Goberno para Decano en funcións a D. Mariano de Labra Morán, que exerceu ate decembro de 2005. A Xunta de Goberno elixiu a D. José Manuel López Mihura, para o cargo de Secretario en funcións, que exerceu ate decembro de 2005.

A Xunta de Goberno celebrou 12 reunións ordinarias no transcurso do ano 2005 e 3 extraordinarias.

#### 1.1.1. COMISIÓN EXECUTIVA

A Comisión Executiva da Xunta de Goberno, que desde a sesión 7/99 de 12 de xullo está conformada polo Decano, o Tesoureiro, o Secretario e Presidentes das Delegacións en turnos rotatorios de 6 meses, celebrou catro reunións no transcurso do ano 2005.

### **1.1.2. ESTRUTURA DAS COMISIÓNNS E DELEGACIÓNIS COLEXIAIS.**

A composición das Comisións, Delegacións e Representacións colexiais, segundo o acordo tomado pola Xunta de Goberno na súa sesión 6/2003 de 6 de xuño, é a seguinte:

#### **COMISION DE CULTURA**

Presidente	D. Felipe Peña Pereda
Secretario	D. José Varela Alén
Representantes da Xunta de Goberno	Dona Marta Pérez-Cela Fornesa D. Mario Francisco Di Felice Vázquez
Responsable da Area de Biblioteca	D. César Coll Nuez

#### **COMISION DE ASESORAMIENTO TECNOLÓXICO**

Presidente	D. José Manuel López Mihura
Representante da Xunta de Goberno	D. Alberto Escobar Molinero

#### **AREA DE INFORMATICA**

Responsable	D. Vicente Peláez Sanz
-------------	------------------------

#### **AGRUPACION DE ARQUITECTOS PERITOS E FORENSES**

Representante da Xunta de Goberno	D. Mariano de Labra Morán
-----------------------------------	---------------------------

#### **AGRUPACION DE ARQUITECTOS FUNCIONARIOS**

Representante da Xunta de Goberno	D. José Manuel López Mihura
-----------------------------------	-----------------------------

#### **ARQUITASA**

Membro da Xunta Xeral de Accionistas	Dona Teresa Táboas Veleiro (ate agosto 2005. Dende agosto ate decembro de 2005, D. Mariano de Labra Morán)
Representante Consello Administración	D. Alberto Unsain González de Suso

#### **ARQUINEX**

Representante Consello Administración	Dona Teresa Táboas Veleiro (ate agosto 2005. Dende agosto ate decembro de 2005, D. Mariano de Labra Morán)
Delegado	D. Vicente Peláez Sanz

#### **COMISION MIXTA COAG-ETSA**

Representantes	Dona Teresa Táboas Veleiro (ate agosto 2005. Dende agosto ate decembro de 2005, D. Mariano de Labra Morán) D. Alberto Unsain González de Suso D. Felipe Peña Pereda
----------------	---

#### **RELACIÓNIS COA REVISTA OBRADOIRO**

Representante	D. José Antonio Vázquez Martín
---------------	--------------------------------

**COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO COAG-UNIVERSIDADE DE A CORUÑA**

Representantes	Dona Teresa Táboas Veleiro (ate agosto 2005. Dende agosto ate decembro de 2005, D. Mariano de Labra Morán) D. Alberto Unsain González de Suso
----------------	--

**COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO COAG-UNIVERSIDADE DE VIGO**

Representantes	Dona Teresa Táboas Veleiro (ate agosto 2005. Dende agosto ate decembro de 2005, D. Mariano de Labra Morán) Dona María Asunción Leboreiro Amaro
----------------	---

**COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO COAG-UNIVERSIDADE DE SANTIAGO**

Representantes	Dona Teresa Táboas Veleiro (ate agosto 2005. Dende agosto ate decembro de 2005, D. Mariano de Labra Morán) D. Carlos Almuíña Díaz
----------------	--

**CONVENIO MARCO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE COOPERACION**

**EDUCATIVA.**

Xunta de Goberno

**DO.CO.MO.MO.**

Representantes	Dona Teresa Táboas Veleiro (ate agosto 2005. Dende agosto ate decembro de 2005, D. Mariano de Labra Morán) D. José Manuel Rey Pichel
----------------	---

**PATRONATO DO MUSEO DO POBO GALEGO**

Representante	D. Carlos Almuíña Díaz
---------------	------------------------

**PATRONATO INSTITUTO TECNOLOGICO DE GALICIA**

Patróns	Dona Teresa Táboas Veleiro (ate agosto 2005. Dende agosto ate decembro de 2005, D. Mariano de Labra Morán) D. José Manuel Rey Pichel
---------	---

## 1.2.1. PRINCIPIOS DE POLÍTICA PROFESIONAL E ACTUACIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO.

### 1.2.1.1. RELACIONES COA ADMINISTRACIÓN DO ESTADO.

#### CO MINISTERIO DE VIVENDA.

Subscribiuse coa Sra. Ministra un “Convenio específico de colaboración entre o Ministerio e o COAG para a realización do IV Encontros Internacionais de Arquitectura” que tiveron lugar en Santiago de Compostela durante os días 20, 21 e 22 de outubro. O Ministerio achegou para o desenvolvemento do evento sesenta mil euros (60.000 €)

#### 1.2.1.2. RELACIONES COA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA.

#### COAS CONSELLERÍAS DE POLÍTICA TERRITORIAL E DE VIVENDA E SOLO.

Realizáronse xestións para establecer un convenio de colaboración plurianual entre as mencionadas Consellerías e o COAG para apoiar a elaboración das materias e actividades didácticas e labores de actualización do “Proxecto terra”, coa finalidade de formar, difundir e ampliar os coñecementos dos cidadáns en temas relacionados coa Ordenación, planificación e intervencións das actividades humanas sobre do territorio. Contémplase a realización de nove guías didácticas que acompañen ás actividades complementarias do proxecto e a súa remisión a tódolos centros públicos da E.S.O. de Galicia, e os labores de organización e difusión das actividades complementarias (visitas guiadas de arquitectura á cidade, etc). O Convenio desenvolveríase ao largo dos anos 2006, 2007, 2008 e 2009, e o custo total ascende a cincocentos vintedous mil euros (522.000 €).

A petición da Consellería de Vivenda e Solo, realizouse un informe-suxestión sobre do proxecto de Decreto do Plan de Vivenda, en concreto no que fai ao establecemento do dereito de tenteo e retracto; o rexistro de demandantes; as vivendas para universitarios; axudas para a elaboración dos planos especiais de Protección, Conservación e Rehabilitación, creación de solo dende a iniciativa pública ou privada; e réxime de concesión de solos públicos para a construción de vivendas en réxime de compravenda ou en aluguer.

O Informe entregouse á Consellería en novembro de 2005.

Esta mesma Consellería, a través da súa Dirección Xeral de Fomento e Calidade de Vivenda, fixo o ofrecemento de subscribir co COAG un Convenio que amparase a realización dunha serie de actividades e a futura colaboración, en materias que lle son propias, entre ámbalas dúas institucións.

#### COA CONSELLERÍA DE PESCA.

Colaborouse na organización dun Concurso de Anteproxectos para a Escola de Formación Marítimo-Pesqueira en Burela.

#### COA CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO.

No seo desta Consellería creouse o Consello do Deporte de Galicia, no que figura un representante do COAG. En Xunta de Goberno 6/2005 de 15 de xullo designouse a D. Enrique Urdiales de Santiago como representante. Pola súa designación como Secretario Xeral da Consellería de

Vivenda e Solo foi substituído, previo acordo da Xunta de Goberno 8/2005 de 5 de setembro, por D. José Manuel López Mihura.

#### **1.2.1.3. RELACIÓN COA ADMINISTRACIÓN LOCAL E OUTRAS ADMINISTRACIÓN.**

Proseguíuse no asesoramento a algúns concellos en relación coas bases de concursos por eles convocados. Así mesmo o COAG participou en diversos xurados de cualificación de concursos. Non obstante, as actuacións con respecto á Administración Local centráronse sobor de todo na interposición de recursos, de reposición e contencioso-administrativos, en cuestións de defensa da legalidade en convocatoria de concursos de proxectos arquitectónicos, prazas de funcionarios ou figuras de planeamento (Concellos de Monfero, Lalín, Arteixo, Cangas, Viveiro, Ordes, Deputación de A Coruña; ou en materia de atribucións, proxectos de urbanización, estudos de detalle, obras de rehabilitación de vivendas.

#### **1.2.1.4. RELACIÓN COAS INSTITUCIÓN DOCENTES.**

##### **UNIVERSIDADE DE A CORUÑA**

O convenio subscrito coa Universidade relativo aos encargos de traballos profesionais de arquitectura e urbanismo que se lle encomenden aos arquitectos profesores daquela, suxeitos á adicación a tempo completo, está en revisión a partir dunha proposta da propia Universidade. Por parte do COAG a Asesoría xurídica logo da análise correspondente suxeriu algunha modificación. A nova redacción está pendente da súa sinatura. Con respecto ao convenio establecido entre ámbalas dúas institucións sobor do Programa de Cooperación Educativa para a realización de prácticas por parte de alumnos en distintos estudios de colexiados, o número de solicitudes presentadas e tramitadas durante o ano 2005 foi de 216, 42 máis que o ano anterior.

##### **UNIVERSIDADE DE VIGO**

Dentro das estipulacións do Convenio de Colaboración Universidade de Vigo-COAG, asinado en 2004, levouse a cabo a publicación dos libros “A cidade universitaria de Vigo” do que foi editor Fernando Agrasar e “Biblioteca Central do Campus Universitario de Vigo”, de Alberto Noguerol e Pilar Díez.

#### **1.2.1.5. RELACIÓN CO CONSEJO SUPERIOR DE LOS COLEGIOS DE ARQUITECTOS DE ESPAÑA (CSCAE)**

Ate o mes de agosto de 2005 a Conselleira polo COAG no CSCAE foi Dona Teresa Táboas Veleiro. Trala súa demisión como Decana, D. Mariano de Labra Morán na súa condición de Decano en funcións tomou posesión como Conselleiro polo COAG no Pleno Ordinario do CSCAE de 15 de setembro de 2005.

O día 2 de novembro de 2005 tiveron lugar as eleccións estatutarias para un novo mandato na Presidencia do CSCAE. Presentáronse dous candidatos, D. Ricardo Aroca Hernández-Ros e D. Carlos Hernández Pezzi, quen optaba á reelección. Na votación pertinente resultou elixido o Sr. Hernández Pezzi como Presidente para o período 2006-2009.

A Conselleira saínte formaba parte das Comisións de Relacións, Internacional e de Avaliación de Programas, Concursos, Ensino e Papel do Arquitecto: funcións e competencias.

No ano 2005 o COAG presentou aos Plenos do CSCAE as seguintes propostas (que foron aceptadas):

- Estudo da problemática da propiedade intelectual no sector da arquitectura. Ao respecto creouse un Grupo de Traballo para a análise da situación actual e perspectivas. O COAG está representado polo Sr. Asesor Xurídico, Sr. Álvarez Gándara.
- Rexistro consolidado de arquitectos e firma electrónica. Propúxose un rexistro xeral accesible e actualizable en tempo real. Esta é unha necesidade imperiosa que simplifica e moderniza as xestións, defendendo que debe separarse do debate sobre a firma electrónica. Correspóndelle ao CSCAE establecer un validador común para a firma electrónica. A firma común proposta debe ser recoñecida, segura e garantir a identidade do seu provedor.
- Procedeu a solicitar a ASEMAS que, ben por medio dunha cláusula contida na póliza, ou polo medio contractual que considerase oportuno, se introduza como requisito para concertar o Seguro de Responsabilidade Civil das Obras, a achega de referencia do previo visado dixital.
- No que fai ao Proxecto de “Organización y Gestión de Bibliotecas Colegiales”, que presentou o COAG e que respaldou o CSCAE, o grupo de traballo que o leva elaborou unha enquisa para cumplimentar polas bibliotecas dos COAs. Como resultado propuxérонse ao CSCAE tres liñas de traballo: Creación do Catálogo Colectivo de Bibliotecas; Base de Datos das publicacións dos COAs; e intertroque automático das publicacións colexiais.

Parte das actuacións do CSCAE ao largo do ano 2005 volveron ter como protagonistas ao chamado Proceso de Bolonia, “Espazo Europeo de Educación Superior. Sector Edificación”, e o Código Técnico da Edificación. O primeiro, que persegue a converxencia, mobilidade, competitividade de estudiantes e profesionais na UE a través dun espazo común europeo de ensino superior, segue a ser obxecto de seguimento en canto á reforma do catálogo de titulacións universitarias, con intervencións perante o *Ministerio de Educación y Ciencia* e o *Consejo de Universidades* –en coordinación coa Mesa de Directores das Escolas- co fin de conquerir os obxectivos de cualificación profesional que correspondan á titulación de arquitecto: Establecemento do título de grao, Directrices Xerais Comúns e Plano de Estudos. O segundo, o CTE, estívose traballando no método para a redacción dos Documentos de Aplicación á Vivenda (Proxecto básico e proxecto de execución). Neste período os traballos convxuntos co Ministerio finalizaron, consensuándose todos os documentos do Código, tanto da Parte I coma da Parte II, agás no que re refire a DB-cementos.

Outros asuntos a reseñar serían os seguintes:

- Creación dun ficheiro de datos de carácter persoal de titularidade pública, propio do CSCAE.
- Traballos da Comisión de Custes Colexiais de Visado. Baremo orientativo e estudio comparativo das cotas e descontos aplicados nos distintos COAs no visado dun mesmo proxecto encargado pola Administración.
- Xestións co *Ministerio de Trabajo* para que contemple como relación laboral de carácter especial a actividade dos arquitectos que prestan os seus servizos en estudios e demandar a supresión das actuacións que ven efectuado a Inspección de Traballo e Seguridade Social, respecto aos estudios de arquitectos.

## 1.2.2. RESPECTO DA PROFESIÓN E O COLEXIO

### 1.2.2.1. RENUNCIA DA ILMA. SRA. DECANA E ELECCIÓN PARCIAL.

Na Xunta de Goberno 7/2005 celebrada o 3 de agosto, a Ilma. Sra. Dona Teresa Táboas Veleiro presentou a súa renuncia, pola súa designación como Conselleira de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia. A renuncia ten efecto a partires da data da súa publicación no DOG (4 de agosto de 2005, DOG nº 149).

Antes da súa renuncia, a Sra. Táboas Veleiro designa a D. Mariano de Labra Morán, vocal da Xunta de Goberno, como Vicedecano do COAG, nomeamento que é referendado na mesma sesión de Xunta de Goberno. A partir do día 4 de agosto de 2005, o Sr. de Labra Morán pasa a exercer o posto de Decano en funcións da corporación até que se produza a toma de posesión de quien resultase elixido para o cargo tralas oportunas eleccións.

Na Xunta de Goberno 8/205 de 5 de setembro, presenta a súa renuncia como Secretario da Xunta de Goberno D. Enrique Urdiales de Santiago, ao ser nomeado Secretario Xeral da Consellería de Vivenda e Solo, tal como se publica no DOG nº 155 de 12 de agosto de 2005. Na mesma sesión elíxese a D. José Manuel López Mihura como Secretario en funcións da Xunta de Goberno, posto que ocupará ate que tomen posesión os que resulten elixidos tralas eleccións previstas.

Co gallo destas renuncias e consonte ao establecido nos Estatutos colexiais acórdase convocar eleccións parciais para cubrir ámbolos dous postos, fixando a data de celebración para o día 10 de novembro de 2005. A data tope para a presentación de candidaturas finaliza o 17 de outubro. Na sesión 10/2005 de Xunta de Goberno de 17 de outubro, faise a proclamación das seguintes candidaturas:

- 1<sup>a</sup> Candidatura: D. Mariano de Labra Morán ao cargo de Decano e D. José Manuel López Mihura ao cargo de Secretario.
- 2<sup>a</sup> Candidatura: D. Celestino García Braña ao cargo de Decano de D. Alfredo González Cascallana ao cargo de Secretario.
- 3<sup>a</sup> Candidatura: D. Ricardo Fanjul Viñuela ao cargo de Decano e Dona Teresa Banet López de Rego ao cargo de Secretaria. A Sra. Benet López de Rego retirou a súa candidatura por escrito de data 20 de outubro de 2005.

Logo da celebrada a votación o día 10 de novembro, o resultado foi o seguinte: para o posto de Decano, D. Mariano de Labra Morán 222 votos; D. Ricardo Fanjul Viñuela, 74 votos; D. Celestino García Braña 296 votos. Para o posto de Secretario, D. Alfredo González Cascallana 279 votos; D. José Manuel López Mihura 250 votos. En consecuencia os candidatos elixidos son D. Celestino García Braña para Decano e D. Alfredo González Cascallana para Secretario.

A toma de posesión ten lugar na Xunta Xeral Extraordinaria celebrada o xoves 22 de decembro de 2005, ao concluir a Xunta Xeral Ordinaria convocada para o mesmo día.

#### **1.2.2.2. ESTRUTURA COLEXIAL. REFORMA E ADAPTACIÓN DOS ESTATUTOS DO COAG**

Co fin de celebrar reunións específicas sobre este tema, a Xunta de Goberno na súa sesión 2/2005 de 21 de febreiro, acordou manter reunións para tratar exclusivamente a reforma e adaptación dos Estatutos vixentes, aparte das sesións ordinarias.

O debate principiou na mesma sesión, analizando as propostas recibidas até o momento. A seguinte reunión, xa monográfica, ten lugar en Pontevedra o venres 17 de xuño, abrindose un novo prazo para a presentación de propostas individuais ou colectivas que chega ao 10 de xuño. As emendas e propostas aportadas abranguen até o artigo 59 do Capítulo VIII. Réxime Xurídico. O trámite previsto, unha vez aprobadas as modificacións pola Xunta de Goberno, consistía en darréle traslado ás Xuntas Directivas das Delegacións, e difundir a todos os colexiados, para sometelas a débante antes de elevalas a unha Xunta Xeral Extraordinaria. O proceso de reforma e adaptación dos Estatutos interrompeuse a partir dos cambios producidos na Xunta de Goberno nos meses de agosto e setembro.

#### **1.2.2.3. MODIFICACIÓN DO BAREMO PARA A DETERMINACIÓN DE HONORARIOS.**

O Equipo de Traballo para o estudo da modificación do sistema actual está formado polo Tesoureiro do COAG, Sr. Vázquez Martín, Sra. Prieto Varela, xunto cos Sres. González González, Outeiriño Fernández, Serrano Gómez e Ucha Dolz del Castellar.

Preténdese a actualización do Baremo coa fin de completalo de acordo ás demandas do exercicio actual da profesión. Así mesmo, revisáronse o Manual Para la Estimación del Presupuesto de Referencia e a súa repercusión no cálculo das achegas colexiais. No ano da presente memoria a Comisión reuníuse en nove ocasións.

#### **1.2.2.4. IV ENCONTROS INTERNACIONAIS DE ARQUITECTURA**

Proseguindo coa liña de colaboración establecida coas administracións, institucións e empresas que veñen prestando o seu apoio á celebración dos Encontros, necesario para afondar na transcendencia social e cultural da Arquitectura na sociedade moderna, desenvolvéronse estes novos encontros no Palacio de Congresos e Exposicións de Santiago, durante os días 20, 21 e 22 de outubro. Contouse co concurso do “Ministerio de Vivienda”, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e a axuda do “Consejo Superior de los Colegios de Arquitectos de España”, Deputación de A Coruña, da súa Universidade e do Concello de Santiago. A organización, como nas anteriores edicións, levárona o COAG e Andar Quatro Arquitectura. Nesta edición o eixo central foi o concepto de “Identidades”.

Xornada I: Identidades. Novos e vellos modelos profesionais.

Xornada II: Identidades. Memoria e patrimonio, bases dun presente.

Xornada III: Identidades. Modelos urbanas para novas sensibilidades sociais.

A inauguración tivo lugar o día 19 de outubro coa intervención de María Antonio Trujillo, Ministra de Vivenda, Teresa Táboas, Conselleira de Vivenda e Solo, Sánchez Bugallo, Alcalde de Santiago, Mariano de Labra, Decano en funcións do COAG e Juan González, Director do Comité Organizador. Entre os poñentes invitados cabe mencionar a Carlos Jiménez, David Adjaye, Paulo Mendes da Rocha, Wilfried Wang, Alberto Kalach. A destacar a elevada participación nesta nova edición.

Os encontros Internacionais de Arquitectura logo de seis anos están xa plenamente consolidados e acadaron lugar no ámbito do debate e da crítica arquitectónica.

#### 1.2.2.5. PROXECTOTERRA

Ao longo do ano 2005, as actividades do Proxectoterra centráronse na presentación e difusión no mundo educativo dos materiais elaborados e que foron presentados o 31 de xaneiro nun acto público presidido pola Decana Teresa Táboas e que contou coa presenza de representantes das entidades colaboradoras -AS-PG, ONCE, TVE- e tamén cos conselleiros de Politica Territorial Alberto Nuñez Feijoo e de Educación Celso Curras.

A presentación e difusión dos materiais levouse a cabo mediante cursos de formación do profesorado, de doce horas de duración ao longo de catro días, realizados en colaboración coa AS-PG, encargada da homologación e xestión administrativa, e a Consellería de Educación, que aportou ao profesorado que impartiu os cursos de acordo ao convenio de colaboración asinado. Todos os cursos foron impartidos por Xosé Manuel Rosales Noves e Antonio Díaz Otero, profesores de secundaria e membros do equipo responsable do proxectoterra.

O balance da fase de difusión é o seguinte:

- Cursos realizados en 2005: 18 (dous en cada unha das sete cidades mais un en Cee, Viveiro, O Barco e Vilagarcia)
- Profesorado asistente: 600 profesores
- Centros participantes: 275 centros públicos e 27 centros privados

Para a realización dos cursos escolleronse, sempre que foi posible, edificios de recente construción con valores significativos como arquitectura contemporánea. A tal fin establecimos colaboración coas seguintes institucións:

- Concello de Ourense (Auditorio Municipal)
- Concello de Pontevedra (Casa das Campás e Pazo da Cultura)
- Concello de Vigo (Verbum)
- Concello de Viveiro (Centro Comarcal)
- Museo do Pobo Galego
- Fundación Caixa Galicia (Sede en Santiago)
- Fundación Barrie
- Concello da Coruña (Fundación Luis Seoane)
- Palexco – A Coruña

En todos os casos houbo cesión gratuita dos locais para a realización dos cursos.

É significativa a presenza ao longo do ano 2005 do proxectoterra nos medios de comunicación como resultado da realización dos cursos. Houbo presentación á prensa nas delegacións do COAG previa á realización das xornadas de formación que axudaron á súa difusión e coñecemento xeral da poboación redundando nunha moi boa acollida polo profesorado.

Como resultado dos cursos podemos dicir que a valoración por parte do profesorado tanto do proxecto como dos materiais presentados foi claramente moi satisfactoria tal e como recollen as

enquisas que fomos realizando de cada un dos materiais presentados en cada un dos cursos realizados.

Sobre a implantación do proxectoterra nos centros e a chegada dos materiais ao alumnado hai que dicir que este cursos 2005-2006 é o primeiro no que foi posible nos centros participantes xa que é requisito previo para o envio dos materiais a asistencia dalgún profesor ou profesora a algún dos cursos de formación desenvolvidos. Este feito unido a dificultade inicial de que o profesorado mude os seus hábitos de traballo na aula, dificulta facer unha evaluación do uso feito ata agora dos materiais. Esperamos que a demanda de actividades complementarias que se poda producir a partir do curso 2006-2007 sexa un fiable indicador da implantación do proxectoterra no mundo educativo.

O financiamento do proxecto realizouse con cargo á correspondente partida orzamentaria do COAG e a cofinanciación da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda como resultado do convenio asinado en decembro de 2003 e que rematou o 20 de decembro de 2005. Co obxectivo de dar continuidade á colaboración entre o COAG e a Xunta no marco do proxectoterra, en novembro de 2005 puxemonos en contacto coas Consellerías de Politica Territorial e de Vivenda e Solo. Foi moi favorable a acollida de ambalasdúas consellerías e clara a disposición a seguir colaborando co COAG.

#### **1.2.2.6. OUTRAS ACTIVIDADES**

O Decano en funcións, Sr. de Labra Morán, asistiu representando ao COAG ás “V Jornadas del Consejo General del Poder Judicial-Consejo Superior de los Colegios de Arquitectos de España”, que baixo o epígrafe de “Obrigas e responsabilidades no ámbito da edificación”, realizáronse en Logroño os día 27, 28 e 29 de outubro. Tamén acudiron a estas Xornadas o Presidente da Agrupación de Arquitectos Peritos e Forenses do COAG, Sr. Jiménez López, e o membro da mesma Sr. Pérez Paz, quen presentou unha comunicación. Asistiu na súa calidade de presidente da Unión de Agrupacións o Sr. Alvira Dupla. As conclusións foron publicadas na Circular colexial.

A Xunta de Goberno do COAG, na súa sesión 10/2005 de 17 de outubro, acordou dirixir un escrito amosando o seu apoio a que a Sede do futuro Museo Nacional de Arquitectura se ubique na cidade de Santiago, á Sra. Ministra de Cultura, á Sra. Conselleira de Cultura e Sra. Conselleira de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia así como ao Sr. Alcalde de Santiago.

### 1.3. TESORERIA Y CONTADURIA

- **Presentación de Estados Financieros para su Aprobación en Junta General**

Junta General de mayo de 2005:

Se elaboró el estado de Liquidación del Presupuesto de 2004 (cierre de cuentas) de la Sede central del C.O.A.G., el cual fue enviado a todos los colegiados por correo previamente a la celebración de la Junta General.

Para la Junta General, celebrada el 24 de mayo de 2005, se elaboró la Liquidación del Presupuesto de 2004 del C.O.A.G. agregando, mediante consolidación, las Liquidaciones de los Presupuestos individuales de la Sede y de las siete Delegaciones.

Junta General de diciembre de 2005:

En el mes de Diciembre se elaboró el Presupuesto de Actividades e Inversiones de la Sede central para el ejercicio 2006, el cual fue remitido a todos los colegiados por correo previamente a la celebración de la Junta General.

Para dicha Junta, celebrada el 22 de diciembre de 2005, se elaboró el Presupuesto del C.O.A.G. para 2006, agregando, mediante consolidación, los presupuestos individuales de la Sede central y de las siete Delegaciones.

- **Ingresos por Cuotas Colegiales:**

Emisión de recibos de Cuotas Colegiales, por un importe total de 466.038 €, según desglose:

Clase de cuota	Nº Recibos	Importe total
Cuota anual Arquitectos Residentes	1.982	418.540 €
Cuota anual Arquitectos no Residentes	52	8.037 €
Cuota anual Agrupación Arquitectos Peritos y Forenses	159	8.845 €
Cuota de incorporación nuevos colegiados	224	30.616 €
- Arquitectos Personas Físicas: 178		
- Sociedades de Arquitectura: 46		
<b>Importe total</b>	<b>2.417</b>	<b>466.038 €</b>

- **Ingresos por Publicaciones de Cultura:**

Emisión de 100 facturas, por ventas de publicaciones de la Comisión de Cultura, un importe de 6.316 €.

- **Ingresos Varios:**

- Emisión de 9 facturas por servicios diversos, por un importe de 540 €.
- Emisión de 12 facturas de alquiler, por un importe de 88 €.

El importe total de ingresos del Ejercicio 2005, derivados de la facturación de la Sede Colegial por los conceptos arriba detallados ascendió a: 472.982 €.

- **Gestión de las Cuotas Colegiales**

Importe de las Cuotas Colegiales Año 2005:

- Cuota Anual Residentes: 220,00 €.
- Cuota Anual No Residentes: 145,00 €.
- Cuota de Colegiación: 150,00 €.
- Cuota Alta de Sociedades: 85,00 €.
- Cuota de Peritos y Forenses:
  - Expertos: 62,07 €.
  - Colaboradores: 31,04 €.

A dichas cantidades se adiciona el I.V.A. correspondiente del 16%.

1. *Gestión de cobro de cuota anual 2005 Arquitectos Residentes: recibos domiciliados.*

- 1.934 recibos domiciliados: 97,33 % sobre el total.  
(1.768 recibos correspondientes a arquitectos con más de dos años de colegiación).  
(166 recibos correspondientes a arquitectos en segundo año de colegiación).
- 85 recibos devueltos por el banco: 4,39 % sobre los domiciliados.

2. *Gestión de cobro de cuota anual 2005 Arquitectos Residentes: recibos no domiciliados.*

Se enviaron varios escritos recordatorios a todos aquellos Colegiados Residentes, cuya Cuota Anual 2005 no estaba domiciliada y que estaban pendientes de abono:

- 1er. aviso a un total de 47 Colegiados Residentes.
- 2do. aviso a un total de 29 Colegiados Residentes.

3. *Gestión de cobro de cuota anual 2004 Arquitectos no Residentes: recibos domiciliados.*

Como hasta ahora, la Cuota Anual de los Colegiados No Residentes en Galicia son emitidas a año vencido.

Se envía un escrito a un total de 46 Colegiados No Residentes cuya cuota se encontraba domiciliada, comunicándoles que:

1. A mediados del mes de mayo se procedería a la emisión de la Cuota Anual 2004, a fin de que fuesen realizadas las previsiones oportunas.
2. Datos bancarios obrantes en esta Tesorería, para su pertinente comprobación y en caso necesario para su actualización.

- 46 recibos domiciliados: 88,46 % sobre el total.
  - 2 recibos devueltos por el banco: 4,34 % sobre los domiciliados.
4. Gestión de cobro de cuota anual 2004 Arquitectos no Residentes: recibos no domiciliados.

Se le enviaron varios escritos recordatorios a todos aquellos Colegiados No Residentes, cuya Cuota Anual 2004 no estaba domiciliada y que estaban pendientes de abono:

1er. aviso a un total de 6 Colegiados No Residentes.

2do. aviso a un total de 4 Colegiados No Residentes.

A los colegiados cuyo recibo de la Cuota Anual fue devuelta por el Banco, se les enviaron también varios escritos poniendo en su conocimiento lo sucedido:

Residentes:                  1er. aviso a un total de 85 Colegiados.  
                                    2do. aviso a un total de 33 Colegiados.

No Residentes: 1er. Aviso a un total de 2 Colegiados.

5. Gestión de cobro de cuota anual 2005 Agrupación Arquitectos Peritos y Forenses: recibos domiciliados.

A finales del mes de enero se comunica en la Circular Colegial nº 15, la apertura del plazo para el ingreso en la Agrupación de Arquitectos Peritos y Forenses, indicando que aquellos colegiados que ya la tengan domiciliada de años anteriores, se les pasará el cargo por Banco en el mes de marzo, siendo un total de:

- 146 recibos domiciliados: 91,82 % sobre el total.  
(116 recibos correspondientes a la categoría de experto).  
( 30 recibos correspondientes a la categoría de colaborador).

6. Gestión de cobro de cuota anual 2005 Agrupación Arquitectos Peritos y Forenses: recibos no domiciliados.

Se envió un escrito a 13 miembros de la Agrupación que no tenían el recibo domiciliado (en la Circular citada anteriormente se indican los requisitos para ser miembro), indicándoles el plazo existente para el pago de la Cuota del año 2005

Los recibos no domiciliados se fueron emitiendo a medida que se iba produciendo el pago, ya que aquellos que no lo formalizaran en un plazo determinado causarían baja en la Agrupación y quedarían fuera de las listas.

Para todos los recibos (Residentes, No Residentes, Cuotas de Incorporación, Peritos y Forenses, etc.) se utilizó soporte magnético para la gestión de cobro de aquellos que estaban domiciliados, dichos recibos fueron enviados por correo posteriormente al Colegiado, una vez comprobado que no habían sido devueltos por el Banco y que su cobro se había realizado correctamente.

- **Gestión de Dietas satisfechas:**

Baremo para la liquidación de dietas de 2005 percibidas por los cargos directivos del COAG y miembros de las distintas comisiones, revisado anualmente conforme al I.P.C. (Indice de Precios al Consumo):

Concepto	Importe
Remuneración hora de dedicación	22,70 €
Kilómetro recorrido en desplazamiento dentro de Galicia	0,39 €
Kilómetro recorrido en desplazamiento fuera de Galicia	0,20 €
Manutención diaria en desplazamiento dentro de Galicia	46,76 €
Manutención + hospedaje diarios en desplazamiento fuera de Galicia	163,76 €

Las anteriores percepciones han sido objeto de las correspondientes retenciones según lo establecido en el Real Decreto Legislativo 3/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas, así como en el Real Decreto 1775/2004, de 30 de julio, que aprueba el Reglamento de dicho impuesto.

Se realizaron 315 liquidaciones individuales de dietas repartidas entre Arquitectos, (miembros de la Junta de Gobierno y de las Comisiones) y trabajadores del COAG.

- **Certificados de Retenciones:**

Se expedieron 456 Certificados de Retenciones, por duplicado (una para el interesado y otra para archivar en Tesorería), cuyos datos fueron utilizados para la confección de la declaración anual de Retenciones e Ingresos a Cuenta del Impuesto sobre la Renta de Personas Físicas (Modelo 190). El detalle, por tipos de rendimientos, de estos certificados, es el siguiente:

- Rendimientos del Trabajo: 294
- Actividades Profesionales: 148
- Concursos: 7
- Arrendamientos Urbanos: 7

Estos certificados incluyen dietas y trabajos profesionales pagados por la Sede y por las distintas Delegaciones del COAG.

- **Ordenes de Transferencias:**

Se realizaron 1.172 transferencias para el pago de profesionales, dietas y facturas varias. Se recibieron aproximadamente un total de 253 talones y 981 transferencias para el pago de facturas de libros, programas, cursos, cuotas, convenios, etc. Los talones para ser ingresados en el Banco han sido relacionados en impresos y fotocopiados para archivar en Tesorería a fin de poder comprobar en cualquier momento un determinado pago.

- **Visado Digital:**

Con la implantación del visado digital, se recibieron en esta Tesorería Colegial 926 transferencias para el pago de visado de expedientes y se realizaron 185 transferencias para la liquidación del cobro de honorarios a través del Colegio.  
Se realizaron liquidaciones mensuales de los descuentos correspondientes a cada Delegación y a la propia Sede: 8 liquidaciones (7 Deleg. + Sede) x 12 meses = 96 liquidaciones.

- **Gestión de Nóminas:**

A lo largo de todo el año se enviaron aproximadamente 1.095 nóminas correspondientes a los trabajadores del COAG (Sede y Delegaciones) según se desglosa:

Una media 73 nóminas al mes x 15 Pagas (12 mens. + 3 extras) = 1.095 nóminas.

- **Declaraciones tributarias realizadas a la Hacienda Pública:**

1. *Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas: Retenciones:*

- Modelo 111: Declaraciones mensuales de retenciones por rendimientos del trabajo, actividades profesionales, premios, etc.
- Modelo 190: Resumen anual de las anteriores.
- Modelo 115: Declaraciones mensuales de retenciones sobre rendimientos procedentes del arrendamiento de inmuebles urbanos.
- Modelo 180: Resumen anual de las anteriores.

2. *Impuesto sobre el Valor Añadido:*

- Modelo 320: Declaraciones mensuales de Impuesto sobre el Valor Añadido.
- Modelo 392: Resumen anual de las anteriores.

3. *Impuesto sobre Sociedades:*

- Modelo 201: Declaración del Impuesto sobre Sociedades del ejercicio 2004
- Modelo 218: Pagos fraccionados a cuenta del Impuesto de Sociedades 2005

4. *Declaraciones Recapitativas:*

- Modelo 347: Declaración de operaciones con terceras personas de más de 3.005,06 € (clientes y proveedores), así como de pagos por mediación mayores de 300,51 € (cobros de honorarios a través del Colegio).



Todas las declaraciones mencionadas anteriormente comprenden los datos e importes del C.O.A.G. en su conjunto, es decir, Sede y Delegaciones.

- **Evolución de los Honorarios Brutos de Referencia:**

Como se muestra en el cuadro anexo, sigue la tendencia positiva y la evolución económica de los honorarios brutos de referencia ha sido favorable con respecto al año 2004, produciéndose un incremento de los mismos de un 24,71%. Asimismo puede observarse la distribución porcentual por Delegaciones.

Delegación	2001	2002	2003	2004	2005
A CORUÑA	28.683.770	30.612.694	30.487.913	37.034.848	45.165.844
LUGO	10.757.730	13.398.467	13.461.426	17.100.891	25.839.213
ORENSE	10.163.028	10.767.344	11.681.881	14.178.278	15.829.985
PONTEVEDRA	13.698.001	15.717.082	18.238.038	20.573.147	24.232.429
VIGO	18.507.607	24.662.488	27.308.481	27.207.158	32.892.196
SANTIAGO	10.998.726	12.465.244	12.601.806	15.146.016	19.605.595
FERROL	4.893.773	5.252.906	6.346.939	8.251.166	10.396.466
<b>TOTAL</b>	<b>97.702.635</b>	<b>112.876.225</b>	<b>120.126.484</b>	<b>139.491.502</b>	<b>173.961.727</b>
Incremento s/ año anterior	<b>-1,26%</b>	<b>15,53%</b>	<b>6,42%</b>	<b>16,12%</b>	<b>24,71%</b>

**DISTRIBUCION DE INGRESOS BRUTOS AÑO 2005  
POR DELEGACIONES**



## GESTIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS

### Cuentas anuales de 2004

Con fecha 24 de mayo de 2005, la Junta General aprobó las Cuentas Anuales del C.O.A.G. del ejercicio 2004, que comprenden, el Balance de Situación agregado al 31 de diciembre de 2004, la Cuenta de Pérdidas y Ganancias agregada y la Memoria agregada correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha.

Dichas cuentas se presentan de forma agregada para todo el Colegio, con detalles anexos de los datos contables de cada una de las Delegaciones y de la Sede Colegial.

### Convenios firmados con la C.P.T.O.P.V.

Durante el ejercicio 2005 se ha obtenido una cantidad importante de recursos procedentes de la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, en virtud de tres convenios suscritos por dicha Consellería y el Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, para la financiación de proyectos promovidos por el C.O.A.G. Los recursos obtenidos durante el ejercicio, relativos a las anualidades de 2003, 2004 y 2005, corresponden a los siguientes proyectos:

Proyecto	Anualidad 2003	Anualidad 2004	Anualidad 2005	Total
Proxecto Terra	85.000,00 €	22.630,00 €	26.250,00 €	133.880,00 €
Portal Web de Planeamiento Urbanístico	32.000,00 €	60.000,00 €	50.000,00 €	142.000,00 €
Encontros Internacionais de Arquitectura	27.000,00 €		50.000,00 €	77.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>144.000,00 €</b>	<b>82.630,00 €</b>	<b>126.250,00 €</b>	<b>352.880,00 €</b>

Desde este Departamento se ha preparado la documentación justificativa de estas inversiones que fue remitida a la C.P.T.O.P.V. para el abono de las cantidades recogidas en cada uno de los convenios.

### Convenio suscrito con el Ministerio de Vivienda

Asimismo, se ha obtenido del Ministerio de Vivienda, la cantidad de 60.000 euros para la organización de los IV Encontros Internacionais de Arquitectura, en virtud de convenio suscrito por el C.O.A.G. y el Ministerio de Vivienda, con fecha 22 de diciembre de 2005.

### Subvención del Instituto Galego de Promoción Económica que financia parcialmente la aplicación de Servicios Digitales del C.O.A.G.

Con fecha 30 de junio de 2005, se ha presentado ante el Instituto Galego de Promoción Económica, la documentación justificativa de las inversiones relativas al visado digital, para las que dicho Instituto había concedido una subvención de 228.941,79 euros. Con fecha 31 de diciembre de 2005, previo visto bueno del I.G.A.P.E. a la documentación presentada, se cobró íntegramente el importe de la subvención.

### **Situación fiscal**

En este ejercicio 2005, debido a que el volumen de negocio del C.O.A.G. superó los 6 millones de euros en 2004, el Colegio ha pasado a ser considerado “GRAN EMPRESA” por parte de la Agencia Estatal de la Administración Tributaria. Ello supone que, desde el 1 de enero de 2005, el Colegio está obligado a presentar sus declaraciones de I.V.A. y retenciones de I.R.P.F. mensualmente.

Con respecto al Impuesto de Sociedades del ejercicio impositivo 2004, presentado en julio de 2005, el Colegio ha obtenido la devolución íntegra de las retenciones que se le practicaron durante dicho período por importe de 9.130,44 euros.

### **Situación contable**

Desde inicios de 2004 y durante todo el ejercicio 2005, el C.O.A.G estuvo inmerso en un proceso de cambio del sistema contable con la incorporación de la aplicación de Gestión-Contabilidad NAVISION.

El nuevo sistema ha supuesto la integración de las ocho contabilidades individuales que se llevaban en el C.O.A.G. (siete Delegaciones y Sede central) en una única contabilidad para toda la Entidad, sin perder la información individual por Delegación, mediante la implantación de un sistema de contabilidad analítica.

Es destacable el enorme esfuerzo realizado por las personas vinculadas al Área de Contabilidad del C.O.A.G., ya que esta adaptación ha supuesto, y supone en la actualidad, trabajos adicionales que vienen siendo desarrollados por estas personas, sin que la actividad económica ordinaria del Colegio se haya visto afectada por ello.

### **Modificación del Baremo**

Durante el año 2005 el equipo de trabajo constituido para la revisión del actual Baremo Orientativo de Honorarios del C.O.A.G., integrado por el Tesorero del C.O.A.G., junto con Laura Prieto Varela, Aurelio Outeiriño Fernández, Miguel Serrano Gómez, Alejandro Ucha Dolz del Castellar y José Antonio González González, como representantes de las Delegaciones, ha elaborado una propuesta de modificación del mismo que entrará en vigor en breve plazo, una vez se incluyan las aportaciones que se estimen procedentes y sea aprobado. Supondrá una actualización importante para adecuar dichos Honorarios al ejercicio actual de la profesión y sus demandas.

#### 1.4. SECRETARIA

As actividades desenvolvidas pola Secretaría colexial durante o exercicio obxecto desta memoria enmarcárónse dentro das funcións normais deste Departamento, materializándose na tramitación dos seguintes asuntos:

- Convocatoria, envío de documentación e redacción de doce actas, correspondentes ás respectivas sesións de Xunta de Goberno.
- Convocatoria, envío de documentación e redacción de catro actas, correspondentes a outras tantas reunións da Comisión Executiva da Xunta de Goberno.
- Convocatoria, envío de documentación, redacción das actas correspondentes ás Xuntas Xerais Ordinarias e Extraordinarias de maio e decembro de 2005.

Mantense o rexistro de Sociedades Profesionais de Arquitectos no que figuran inscritas aquelas aprobadas pola Xunta de Goberno ou a Comisión Executiva, e que ascenden neste período a 53. O total de sociedades de alta é de 403.

- Execución de 749 acordos, recaídos nas sesións de Xunta de Goberno e Comisión Executiva.

Tramitación de 349 expedientes colexiais, que se desglosan como segue :

- 180 altas de colexiados residentes.
- 1 alta de colexiado non residente
- 14 baixas de colexiados residentes
- 6 baixas de colexiados non residentes
- 6 cambios de residencia
- 151 altas de colexiados habilitados
- 2 baixas de colexiados habilitados.
  
- Rexistro, distribución e arquivo de 6.880 documentos (4.653 entradas e 2.227 saídas)

Tramitáronse 216 solicitudes de Arquitectos Titulares do Convenio de Cooperación Educativa no programa Universidade de A Coruña-COAG.

Inseríronse un total de 484 obras na base de datos colexial pertencentes ós Sres. Arquitectos habilitados neste COAG.

Tramitáronse 5 reclamacións xudiciais de honorarios.

Servizos administrativos á Asesoría xurídica, á Agrupación de Arquitectos Peritos e Forenses, á Comisión de Asesoramiento Tecnolóxico e á Comisión de Planeamento e Medio-ambiente.

Seguemento do *Boletín Oficial del Estado*, do Diario Oficial de Galicia e dos Boletíns Oficiais das Provincias galegas, para a procura de información a incluír na Circular colexial.

Levanza dos arquivos colexiais.

Xefatura de Persoal e coordinación do funcionamento dos distintos Departamentos e Comisións e a súa relación coas Delegacións.

Convocatoria, envío de documentación e seguimiento das actas da Xunta Directiva da Agrupación de Arquitectos Peritos e Forenses. Confección e distribución dos Listados da Agrupación para o ano 2005.

Recompilación e envío ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia das listas de Arquitectos dispostos a actuar como Peritos.

Realizouse un seguimento de todos os concursos convocados pola Xunta de Galicia e outros organismos de Galicia e de España, coa publicación en Circular colexial e o envío ás Delegacións das bases dos mesmos.

Tradución ao galego de toda a documentación e correspondencia emitida pola Secretaría e o Decanato.

Continúase coa elaboración e reparto dunha carpeta con información xeral, que se entrega aos novos colexiados.

Distribuíuse entre as Delegacións o seguinte material: 7.695 Libros de Ordes; 200 Libros de Incidencias; 1.000 Certificado Final de Obra; 600 Oficios de dirección; 1.250 Follas de Valoración; 500 Facturas de Honorarios; 1.000 Comunicación de Encargo; 300 Impresos do convenio COAG-ETSA.

Selección de información, redacción, impresión, alzado e distribución de 134 circulares informativas de Secretaría, que totalizan 267 páxinas mais un anexo das eleccións para o cargo de Secretario do CSCAE, de 2 páxinas, cunha tirada media de 850 exemplares.

Editáronse ademais 1 circular da Agrupación de Arquitectos Peritos e Forenses; 12 circulares da Comisión de Asuntos Tecnolóxicos, que totalizan 76 páxinas e 1 circular de Biblioteca, de 18 páxinas.

Estas tarefas supuxeron:

O envío de 76.069 obxectos postais.

A realización de 630.602 fotocopias.

## **RELACIÓNS LABORAIS**

A Xunta de Goberno do día 7 de marzo de 2005 acordou designar a D. Carlos García Martínez como Coordinador dos distintos departamentos da Sede colexial, e a Dona María Malvido Pose, como Directora de Área da Secretaría colexial.

A Xunta de Goberno, na súa sesión de 9 de maio, acordou transformar os contratos de duración determinada en contratos indefinidos, das seguintes empregadas: Dona María Malvido Pose, como Directora de Area, Responsable da Secretaría; Dona Clara Brea Bermejo, como Auxiliar Administrativo da Biblioteca; Dona M<sup>a</sup> Carmen Corzón Trillo, Auxiliar Administrativo da Comisión

de Asesoramento Tecnolóxico. Nesa mesma sesión, acordouse ascender á categoría de Xefe Administrativo de 2ª a Dona María Dolores Mariño Padín.

O día 6 de xuño, renunciou ao seu posto no Departamento de Informática da Sede colexial o empregado D. Juan José Ferreiro Suárez.

O día 20 de xuño convocouse Concurso de traslados para a provisión dunha praza de Auxiliar Administrativo na Delegación de Pontevedra, sendo adxudicada a D. Eduardo Piñón García, que prestaba os seus servizos na Delegación de Santiago.

O día 5 de setembro, a Xunta de Goberno concedeu a excedencia forzosa ás empregadas Dona Julia Chamosa Martín, da Delegación de Vigo, por ter sido nomeada Presidenta do Xurado de Expropiación de Galicia, e a Dona María Malvido Pose, da Sede colexial, designada Xefa do Gabinete da Conselleira de Vivenda e Solo.

O 27 de setembro convocouse a praza de Arquitecto de Visado Interino para a Delegación de Vigo. Resultou elixida Dona Paula Rivera Lamata.

O 7 de outubro, nomeouse a D. Anxo de la Puente como Arquitecto de Control da Delegación de Vigo.

#### **SECRETARIA DE ASESORAMENTO DA CONTRATACIÓN PÚBLICA (Secretaría de Concursos).**

No ano 2005 a Xunta de Goberno na súa sesión 2/2005, de 7 de marzo, adoptou o acordo de nomear a dona María Malvido Pose Directora da Área de Secretaria do COAG. Motivo polo cal, don Manuel García Pita comezou a colaborar ca Secretaria de Concursos no varrido e publicación dos concursos na Web do COAG.

En setembro de 2005 dona María Malvido Pose solicitou unha excedencia do seu cargo no COAG, que lle foi recoñecida por Acordo da Xunta de Goberno do COAG, na sesión 8/2005, de 5 de setembro. En virtude desta situación, a Comisión Executiva en sesión 3/2005, de 9 de novembro acordou nomear a letrada dona María del Mar Cajaraville Bouzón como Responsable da Área dos Concursos do COAG.

I.- PUBLICIDADE DOS CONCURSOS E DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO a través da circular colexial e a web do COAG.

A. *Concursos.* Publicáronse un total de 344 concursos, dos cales 68 foron convocados pola Administración local de Galicia (Concellos e Deputacións Provinciais); 37 convocados pola Administración Territorial Autonómica (Xunta de Galicia); 22 convocados por outras entidades públicas de Galicia; 217 convocados pola Administración Territorial Estatal e outras entidades Públicas para a súa execución no resto do territorio nacional; 3 premios de arquitectura convocados por entidades privadas.

B. Prazas de Arquitectos. Publicáronse 3 convocatorias: 5 prazas para Arquitectos no Concello de A Coruña como funcionarios de carreira, 1 praza como arquitecto de visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Cádiz e 4 prazas para arquitectos como asesores da rehabilitación na Cidade Vella e Pescadería de A Coruña

#### PUBLICACIÓN DE CONCURSOS NA WEB DO COAG: TOTAL: 344

Total visitas recibidas na sección de concursos: 25.501

Ademais, púxose á disposición dos colexiados os pregos dos concurso aos que o COAG tivo acceso.

**II.- SERVICIO DE ATENCIÓN AOS COLEXIADOS.** Desde a Secretaría de Concursos atendéronse todas as consultas plantexadas, intermediando, en ocasións, entre os colexiados e a Administración Pública.

**III.- ASESORAMENTO INTERNO.** Desde esta Secretaría prestouse asistencia ás Delegacións do COAG que prestaron a súa colaboración a diferentes Administracións Públicas de Galicia, ou a outras entidades, de cara á organización de concursos ou premios de Arquitectura.

**IV.- SEGUIMENTO E CONTROL DOS PROCEDIMENTOS QUE UTILIZAN AS ADMINISTRACIÓN S PÚBLICAS PARA A CONTRATACIÓN.**

Como medio de seguimento e control preventivo hai que subliñar que houbo representantes do COAG en moitos xurados de concursos. O mais importante é que cada vez mais desde a Administración Pública Galega se solicitan representantes do COAG por propia iniciativa. Así mesmo, desde a Administración Local solicitouse desta Secretaría a remisión de modelos de pregos de concursos antes da súa convocatoria.

Noutros casos, e tras intentar a modificación dos pregos por parte das entidades convocantes (por entender que non se axustaban á normativa aplicable) mediante a conversa e ante a negativa destas, propúxose aos órganos decisórios do COAG a presentación formal das oportunas reclamacións contra os pregos. De entre as propostas, acordouse presentar e presentáronse reclamacións ós pregos dos concursos que se relacionan a continuación, nos períodos de exposición pública dos mesmos, abertos, a tal efecto, polas entidades adxudicatarias:

- Concurso convocado pola Deputación Provincial de Lugo para adxudicar a redacción dun Plan de Accesibilidade (eliminación de barreiras arquitectónicas, urbanísticas, no transporte e da comunicación sensorial) que afecta a varios concellos da provincia.
- Concurso convocado polo Concello de Monfero para adxudicar a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal.
- Concurso convocado polo Consorcio de Santiago para adxudicar os traballos de consultoría e asistencia técnica consistentes na redacción de proxecto, dirección de obra, redacción do proxecto de seguridade e saúde e coordinación na fase de redacción do proxecto da obra de “reurbanización da Alameda de Santiago de Compostela”.
- Concurso convocado polo Consorcio de Santiago para adxudicar os traballos de consultoría e asistencia técnica consistentes na redacción de proxecto, dirección de obra, redacción do proxecto de seguridade e saúde e coordinación na fase de redacción do proxecto da obra de “reurbanización da rúa de Sar: tramo Olvido-Avda. de Lugo”.

- AEROPUERTOS ESPAÑOLES Y NAVEGACIÓN AÉREA (AENA). Licitación de contrato de asistencia técnica para a redacción do proxecto da nova área terminal do aeroporto de Santiago de Compostela (exp. DIA 1120/05), por vulnerar este las normas en materia de atribución de competencias y no permitir que la dirección de la obra fuese asumida por un Arquitecto Superior.
- CONCELLO DE ORDES. Concurso de procedemento aberto, tramitación ordinaria, para a adxudicación do contrato de asistencia técnico-urbanística ao Concello de Ordes (expediente: C05/S/05). Impugnándose por entender de la propia Secretaría de Concursos que establecía criterios subjetivos de valoración para la adjudicación y por petición de una colexiada por las funciones a desempeñar.

## 1.4. ASESORÍA XURÍDICA

### 14.1.- Auxilio a órganos colegiales e informes por escrito

El asesor jurídico ha estado, con carácter general, a disposición de la Junta de Gobierno, de su Comisión Ejecutiva, de la Junta General y de otros órganos corporativos, en sus respectivas reuniones.

En especial, ha colaborado en la fase de instrucción de expedientes de información previa y disciplinarios y ha asesorado a la Junta de Gobierno para el ejercicio de la potestad sancionadora, en varios casos.

En esta área, ha tenido importancia la ejecución de sanción disciplinaria consistente en la suspensión en el ejercicio profesional por el plazo de un mes, impuesta por CSCAE, en virtud de denuncia del Colegio de León a un colegiado de Galicia, por omisión de visado y de aportación económica consiguiente en una obra de promoción pública.

Asimismo, ha atendido a consultas del Decanato, de la Secretaría, de las Delegaciones, de la CAT, de la Comisión de Cultura y de colegiados.

Destacan por su abundancia la calificación de sociedades profesionales y el análisis de convenios con diversas entidades.

### 1.4.2.- Actividad procesal

Continúan en trámite dos asuntos importantes, a saber:

La sanción impuesta por la Agencia de Protección de Datos, que sigue pendiente de resolución ante el Tribunal Supremo, siendo el resultado económico que se produzca por cuenta de la empresa CONSTRUDATOS, SA, según convenio firmado por el COAG con ella.

El pleito planteado por un colegiado de A Coruña sobre la legalidad de descuentos colegiales por encima del supuesto límite del 2% de los ingresos profesionales, que sigue a la espera del dictamen del Tribunal Supremo, en recurso de casación interpuesto por el COAG en interés de la Ley. Últimamente, el Fiscal ha informado en el sentido de ser el recurso inadmisible por carecer de interés general. El CSCAE ha hecho alegaciones favorables a la postura del COAG.

### 1.4.3.- Otras actividades

En el período considerado en la presente memoria, destaca la labor relativa a la conceptualización de la propiedad intelectual del arquitecto, estando la asesoría jurídica del COAG integrada en un grupo de estudio patrocinado por el Consejo Superior, bajo la dirección del profesor especialista en la materia, D. RODRIGO BERCOVITZ.

## 1.5. DEPARTAMENTO DE INFORMÁTICA

INTRODUCCIÓN .....	29
TRABALLOS E PROXECTOS .....	30
COAGXESTION: ACTUALIZACIÓN E MELLORAS.....	30
<i>Mecanismo de fusión de entidades.....</i>	30
<i>Mecanismo de cacheado de información para o visado dixital .....</i>	30
<i>Troco nas marcas de visado dixital.....</i>	30
<i>Melloras nos módulos de xestión de datos estatísticos.....</i>	30
<i>Módulos de comunicación de tramitación de expedientes .....</i>	30
<i>Melloras para a eficiencia na introducción de datos .....</i>	31
<i>Novas listaxes de xestión.....</i>	31
COAGESTUDIO E VISADO DIXITAL.....	31
<i>Presentacións da aplicación nas delegacións .....</i>	31
<i>Asistencia (902) .....</i>	31
<i>Renovación automática de certificados .....</i>	31
<i>Distribución do traballo.....</i>	32
<i>Outros desenvolvimentos .....</i>	32
COAGWEB: ZONA DE CONSULTA DE EXPEDIENTES .....	32
SERVICIOS DIXITAIS: XESTIÓN DA SUBVENCIÓN IGAPE .....	32
RELACIÓN CON TERCEIROS.....	33
<i>Consejo Superior de Colexios de Arquitectos de España (CScae).....</i>	33
<i>Outros Colexios: Asturiano, Cántabro e Leonés.....</i>	33
<i>Convenios .....</i>	33
SERVICIO DE CORREO ELECTRÓNICO.....	33
SEGURIDADE DA INFORMACIÓN .....	34
ACTUALIZACIÓN DE EQUIPOS E COMUNICACIÓN.....	34
SERVICIOS WEB .....	34
TRABALLOS CONTABILIDADE-RECURSOS FINANCIEROS.....	36
OUTROS DESENVOLVEMENTOS E TRABALLOS .....	36
INICIATIVAS PARA O VINDEIRO EXERCICIO.....	36
<i>Programas:.....</i>	36
<i>Sistemas: .....</i>	37
<i>Correo electrónico .....</i>	37
<i>Información colexial .....</i>	37
<i>Formación .....</i>	37

### Introducción

Durante o ano 2005 o traballo no departamento de informática estivo centrado na mellora permanente dos servicios prestados no contexto do proxecto de Servicios Dixitais do COAG, incidindo na parte de xestión interna e, especialmente, na referida ó visado telemático ou dixital de expedientes. Ó mesmo tempo continuouse o plan de renovación de equipos e servidores.

Nas páxinas seguintes expóñense aqueles traballos más importantes realizados no Departamento, así como os principais proxectos a iniciar ou continuar coa apertura do novo exercicio.

Non se inclúen as tarefas cotiás efectuadas dende o Departamento como son a solución de avarías nos postos de traballo e servidores de rede, realización de tests, redacción de informes, reparación de errores humanos ou provocados por programas nas base de datos, solución de problemas cos servicios de internet, renovación de certificados dixitais, ou a alta de usuarios rexistrados na base de datos de Internet e/ou correo electrónico.

## Traballos e Proxectos

Detállanse a continuación os principais proxectos realizados durante os últimos doce meses no noso Departamento ou mediante a nosa colaboración e/ou organización.

### **COAGXestion: actualizacións e melloras**

A aplicación de xestión experimentou 25 actualizacións, co fin de mellorar e facer máis eficientes determinados procesos, así como para incorporar todas as modificacións introducidas nos mecanismos de tramitación. Estas son as principais:

#### **Mecanismo de fusión de entidades**

O COAG posúe na súa base de datos a referencia dos encargantes dos proxectos tramitados. A información dos encargantes provén da que estaba presente en cada unha das delegacións, e os que paulatinamente se incorporan, ben provenientes do visado físico, ben dende os estudos a traveso da tramitación telemática. Isto crea unha potencial multiplicidade de datos referidos a unha mesma entidade ou persoa, coa conseguinte dificultade á hora de controlar a información, extraer listaxes para uso oficial, simplificar tarefas de introducción, etc. Sumada a esta circunstancia, engádese a problemática derivada da lei de protección de datos, que introduce restricións claras á hora de intercambiar este tipo de información.

Implementouse un mecanismo de control de entidades duplicadas na aplicación COAGXestion, que permite a fusión centralizada de posibles duplicados nunha única entidade. Isto afecta a todas as delegacións, por un lado, e, ó mesmo tempo, ás bases de datos de todos os estudos que están relacionados con esa entidade.

#### **Mecanismo de cacheado de información para o visado dixital**

Traballouse na constante mellora da funcionalidade que permite o visado dixital distribuído nos postos locais das delegacións de xeito inmediato (anticipación das descargas dende o servidor central). Tamén, para facilitar a revisión do proxecto, automatizouse a creación dun único arquivo para os visadores, onde se recopilan os distintos arquivos enviados dende os estudos de cada documento. Isto fai que a revisión sexa moito máis áxil e fiable.

#### **Troco nas marcas de visado dixital**

O mecanismo de selado automático dos documentos dixitais implementouse de xeito que presentase unha importante versatilidade á hora de situar as marcas de visado (selo e textos) sobre os documentos pdf orixinais. Ademais, libérase ó arquitecto de visado desta tarefa, xa que se realiza de xeito desasistido dende o servidor central.

#### **Melloras nos módulos de xestión de datos estatísticos**

A base de datos de tramitación do COAG presenta unha importante riqueza estatística, xa que contén os datos técnicos, tipolóxicos e de ubicación de todos os proxectos visados en Galicia. Por iso, é especialmente crítico dispoñer de mecanismos de control na introducción e extracción da información, que permita evitar e depurar posibles errores.

Partindo das indicacións do Departamento de Visado, implementáronse unha serie de módulos web, co fin de mellorar o control dos datos estatísticos na base de datos de tramitación de expedientes. Neles pódese acceder, en tempo real, ós datos tipolóxicos e técnicos de todos os proxectos visados en Galicia, por provincia ou concello.

#### **Módulos de comunicación de tramitación de expedientes**

Creáronse novas series de avisos, manuais e automáticos, co fin de comunicar ós colexiados o estado de tramitación da documentación presentada a visado. Especialmente a traveso do correo electrónico, posíbelgase que o colexiado estea permanentemente informado, sen por iso introducir novas tarefas de xestión. O módulo de envío de correos electrónicos é complementario á zona de información web.

## Melloras para a eficiencia na introducción de datos

Programáronse diversos mecanismos para mellorar a eficiencia na introducción dos datos na tramitación dos documentos físicos. A automatización de pantallas en cascada posibilita unha máis áxil introducción dos datos sen necesidade de reabrir os proxectos.

## Novas listaxes de xestión

Engadíronse novas listaxes á zona da Intranet de xestión (colexiados, estatísticos, xestión, económicos). A principal novidade foi a adaptación de todas as listas que inclúen datos persoais de colexiados ás novas políticas de protección de datos, contempladas no documento de seguridade.

## COAGEstudio e Visado Dixital

Durante o período desta memoria, o visado dixital de proxectos consolidouse como vía para a tramitación dos traballos. A paulatina incorporación dos estudios fai que, na actualidade, o visado dixital medrase ata o 15% dos expedientes novos presentados a trámite<sup>1</sup>.

Na grande maioría dos casos, os estudios que se comezan a tramitar dixitalmente os seus proxectos, continúan a facelo. O número de estudios que realizaron algunha tramitación dixital de expedientes foi de 160 en 2005.

Describense a continuación os principais traballos desenvolvidos por esta comisión no visado dixital e a aplicación para a súa xestión (COAGEstudio).

## Presentacións da aplicación nas delegacións

O visado dixital presentouse naquelhas delegacións nas que inda non se fixera: Ourense, Pontevedra e Santiago. Nas charlas mantidas explicáronse as características e ferramentas desta modalidade de visado, con intervención da parte de visado e da parte informática.

Nas xornadas realizouse tamén a entrega das chaves criptográficas e certificados dixitais de cada un dos colexiados que o solicitou, así como os programas e manuais correspondentes.

## Asistencia (902)

A asistencia ó visado dixital, informática ou de visado, realizaase a traveso dun teléfono único (902 382 182). En particular, no que á parte informática corresponde, unha persoa deste departamento estivo adicada á resolución de incidencias da aplicación (instalación, erros, dúbdidas de manexo, etc.) e, principalmente, a facer de guía a aqueles usuarios que se incorporan ó visado dixital. Ademais desenvolveu algunas tarefas administrativas vinculadas a proxectos telemáticos (activación de pagamentos ou revisión).

A atención a incidencias particulares, ou especialmente complexas, foi abordada directamente por parte un programador do Departamento.

Unha característica importante engadida ó COAGEstudio é a de que este avisa automaticamente ó departamento de asistencia do COAG de erros na transmisión da información. Deste xeito, as incidencias abórdanse máis rápido e dispoñendo xa dunha primeira avaliación das causas.

Os desprazamentos ós estudios evitáronse na súa maioría mediante o uso da aplicación *webcall*, que permite monitorizar o equipo do estudio baixo autorización deste. Isto deu lugar a unha considerablemente mellor e máis áxil atención ós colexiados.

Sinalar tamén que os manuais de uso do COAGEstudio foron traducidos ó castelán.

## Renovación automática de certificados

Nas plataformas de sinatura dixital avanzada, é preciso, por motivos de seguridade, renovar os certificados dixitais con periodicidade. Esta tarefa

<sup>1</sup> Datos dende comezo de 2006 ata a data da presente memoria. No visado dixital só se permite a presentación de documentación correspondente a expedientes que non fosen xa abertos nalgunha delegación.

implicaría, nun principio, a introducción dentro da chave criptográfica do novo certificado, supoñendo desprazamentos e posibles interrupcións na dinámica de visado por parte do estudio, á marxe dunha considerable cantidade de traballo a realizar por un operario do COAG.

Co fin de realizar o proceso de renovación de certificados dunha forma transparente, desenvolveuse no COAGEstudio unha funcionalidade que permite renovar o certificado presente na chave criptográfica de modo automático dende a propia aplicación. Para realizar a renovación, basta con que o colexiado introduza o PIN da súa chave e estea conectado a Internet.

#### Distribución do traballo

A modalidade dixital de visado permite distribuír o traballo entre os distintos visadores das delegacións do COAG, en función da súa carga de traballo. Co fin de dispoñer dun mecanismo para a asignación de proxectos aos distintos visadores de Galicia, implementouse un módulo que permite realizar un reparto automático ou manual.

#### Outros desenvolvimentos

- **Melloras na usabilidade:** pantalla de últimos expedientes xestionados, asistente de creación de documento, configuración predeterminada de idioma, etc. Estas melloras impleméntase a suxestión dos propios estudios.
- **Subida e baixada de archivos:** fixéronse varios trocos na subida e baixa da información (sincronización e resincronización) co fin de evitar algúns problemas xurdidos con pdf corruptos despois da transmisión.
- **Actualizacións:** no período desta memoria publicáronse 6 actualizacións da aplicación COAGEstudio, con novas funcionalidades ou correccións. Estas versións son actualizadas telemáticamente dende os estudios.

#### COAGWeb: zona de consulta de expedientes

O módulo web de consulta da situación de tramitación dos expedientes en tempo real converteuse nunha das zonas máis visitadas da web colexial. Conxuntamente coa páxina de extractos económicos de visado en tempo real, rexistrou unha media de 505 accesos diarios<sup>2</sup>.

O obxectivo destas zonas é que o colexiado atope a mesma información que lle sería transmitida de ter chamado á delegación, independentemente da hora e da ubicación. Conséguese reducir así o número de consultas telefónicas ás delegacións, o cal repercutre nun maior rendemento do traballo.

#### Servicios Dixitais: xestión da subvención IGAPE

O COAG solicitou ó IGAPE a subvención do proxecto de Servicios Dixitais (fundamentalmente COAGXestion, COAGEstudio e COAGWeb), no marco do programa de Continuidade e mellora competitiva das PEMES. Traballouse conxuntamente con Departamento de recursos económicos na preparación da documentación a entregar para xustificar a execución do proxecto.

Finalmente, o IGAPE, entendendo xustificada a execución do proxecto e acadados os obxectivos planificados, comunicou a concesión íntegra da subvención solicitada: **228.942 €**.

<sup>2</sup> Só se computan días laborables.

## Relación con terceiros

O departamento mantivo contactos con terceiras entidades (CSCAE, outros colexios, empresas,...) co fin de establecer relacións que impliquen melloras nos servicios dixitais que se prestan, ou a posible prestación de ofertas comerciais vantaxosas para os colexiados:

### Consejo Superior de Colexios de Arquitectos de España (CSCAE)

Dentro da comisión creada polo Consejo para o estudio da compatibilidade de certificados dixitais entre COAs, formada por Galicia, Madrid e Cataluña, o COAG avogou por atopar unha solución de certificación dixital que garantise exclusivamente a identidade do posuidor do certificado. Para iso pártese de que o estar de alta como colexiado ou non (atributo de certificado, proposto polo COAC), é condición necesaria, pero non suficiente, para levar a cabo o visado e outros trámites. Débese ter en conta, nesta liña, a inminente aparición do DNI electrónico. Ademais, defendeuse unha negociación colectiva por parte do CSCAE coa entidade/s de certificación seleccionadas.

Incidiuse novamente na necesidade de modernizar o rexistro nacional de arquitectos, co fin de evitar trámites innecesarios nas habilitacións e, en xeral, na mobilidade dos colexiados no territorio nacional. A proposta desta comisión ó CSCAE foi a creación por parte deste de webservices que posibiliten o intercambio en tempo real da información.

A comisión realiza ó CSCAE dous envíos con regularidade. O primeiro, trimestral, corresponde coas estatísticas de edificación, por concello. O segundo é a base de datos de arquitectos para o rexistro consolidado, que se entrega cunha regularidade que depende da cantidade de altas realizadas (ou en xeral da cantidade de cambios feitos). O troco deste último envío por unha comunicación en tempo real é, precisamente, a proposta anteriormente mencionada.

### Outros Colexios: Asturiano, Cántabro e Leonés

A empresa Medianet Software está a realizar a adaptación da solución de xestión e visado dixital do COAG ós colexios de Asturias, Cantabria e León/Zamora/Valladolid. Unha das intencións desta comisión é buscar sinerxías no desenvolvemento ou ofertar ao resto dos colexios módulos que o COAG ten na súa propiedade.

Nesta liña, deuse unha charla no Colexio de Asturias, para explicar ós colexiados os aspectos e características do sistema de visado dixital que xa se atopa en funcionamento en Galicia.

## Convenios

Subscribiríronse os seguintes convenios.

- **Empresas de Telefonía:** convenio con R para telefonía e datos. Movistar para telefonía móvil.
- **Empresas provedoras de tecnoloxía:** convenio con DELL para equipos informáticos.

## Servicio de Correo Electrónico

No servicio de correo electrónico (@coag.es), que suma un total de 2.642 contas, realizáronse estas principais tarefas de actualización e mantemento:

- *Actualización da ferramenta Antivirus:* actualizouse o antivirus de análise de correo, co fin de evitar posibles infeccións ós colexiados.
- *Filtros AntiSpam:* instalouse un módulo de detección de patróns de correo non desexado. Actualmente descarta unha media de 150.000 correos ó mes.
- *Interface web:* analizouse a incorporación dun interface web máis intuitivo e áxil que o actual. A súa instalación está condicionada a que o provedor subministre a versión multiidioma.

### Seguridade da información

Co paulatino aumento da cantidade de información almacenada no visado dixital, facíase preciso dispoñer dun equipo de almacenamento de alta capacidade e provisto dos mecanismos de seguridade adecuados, especialmente de redundancia.

Con isto presente, adquiriuuse un equipo de almacenamento SAN (*storage area network*). No período da memoria xestionouse o almacenamento e as copias de seguridade daquela información máis crítica dos sistemas de xestión colexiais (datos e arquivos).

Ó mesmo tempo, mantívose o sistema de replicación da información crítica fóra das instalacións centrais, así como o de control de accesos a nivel de tráfico de rede (firewall).

Actualizouse o sistema de xestión do Antivirus corporativo, para evitar posibles ataques a través do correo electrónico ou internet.

No período desta memoria non se ten constancia de infeccións nos postos ou de ataques que tivesen algún tipo de efecto na rede corporativa do COAG.



### Actualización de equipos e comunicacóns

As principais actuacións en renovación de equipos e servidores foron:

- Renováronse tres dos servidores das delegacións que almacenan os arquivos destas, así como os correspondentes dispositivos de copias de seguridade.
- Renováronse os equipos daqueles usuarios que tiñan un PC máis antigo.
- Adquiríronse para algunas delegacións equipos proxectores e portátiles, para cursos, exposicións, charlas, etc.
- Non se realizou ningunha actualización nos servicios de comunicacións, debido ó bo rendemento da configuración actual en canto á disponibilidade das liñas.

### Servicios Web

Realizáronse 334 altas de usuarios de Internet, situándose o total en 2499. Isto reflíctese no paulatino aumento na media de visitas á web colexial.



Á marxe do mantemento das distintas zonas de [www.coag.es](http://www.coag.es), e do módulo de consulta de expedientes antes mencionado, os principais servicios web foron:

- **Proyecto da web de planeamento:** publicouse a Web de Planeamento [www.planeamientourbanistico.xunta.es](http://www.planeamientourbanistico.xunta.es). As principais tarefas realizadas foron a análise, conciuntamente coa CAT e a Consellería, da mellor opción de aloxamento e as directrices para a migración aos sistemas nos que finalmente a web se atopa aloxada. Realizouse o mantemento dos equipos e sistemas do grupo de traballo e actualización da web. Asemade, participouse na análise de melloras para futuras versións da web de planeamento, moito más potentes e baseadas nunha filosofía GIS.
- **Estructuración da información e proxecto COAGInfo:** con vistas á publicación da nova web colexial, realizouse un traballo de recopilación e estructuración de información que se atopaba distribuída en formatos de difícil manexo. Así, permítese a separación definitiva entre datos e presentación dos datos, e tamén a delegación no manexo da información nas persoas que directamente a xestionan. Nesta mesma liña, definiuse o proxecto COAGInfo, co obxecto de crear un mecanismo de xestión e publicación da información colexial máis ágil e racional.
- **Envíos electrónicos:** publicáronse e enviáronse 308 circulares electrónicas, así como unha media mensual de 10 avisos vía mail, dada a súa urxencia ou importancia.

- **Adaptación da calculadora de aportacións colexiais e da folla de valoración:** nova versión (8.0) para adaptarse ó novo baremo.
- **Aloxamento de webs de colexiados:** aloxáronse as web dos estudios que así o solicitaron.

#### Traballo Contabilidade-Recursos financeiros

Colaborouse estreitamente con Departamento de Contabilidade e recursos financeiros para a actualización de toda a información contable do COAG. A esta tarefa crítica concedéuselle a máxima prioridade e destinouse a un traballador en exclusiva.

#### Outros desenvolvimentos e traballos

No período da memoria realizáronse ademais unha serie de aplicacións destinadas, fundamentalmente, ó seu uso por parte dos colexiados:

- **Auditoría sobre a Lei de protección de datos:** leváronse a cabo as medidas xurdidas da auditoría interna para o cumprimento da Lei de protección de datos a cargo da empresa ITG. Análise de ofertas colectivas para a implantación da LOPD nos estudios.
- **Asesoramento á CAT na creación da aplicación de memorias:** dotación da carcasa básica e de módulos como o de actualización automática on-line, estudio da relación co programa COAGEstudio. Estampación de CD.
- **Cursos de formación do persoal dos centros do COAG:** plano de formación das delegacións nos aspectos informáticos máis directamente ligados ao traballo cotiá dos traballadores dos centros do COAG (delegacións e sede).
- **Selección de persoal:** No mes de maio de 2005 causou baixa un traballador do departamento que viña realizando labouras de programación. Dada a importancia deste posto, seleccionouse a unha nova persoa para ocupalo.

#### Iniciativas para o vindeiro exercicio

O exercicio entrante estará centrado no impulso ó visado dixital e na mellora substancial dos mecanismos de producción e publicación da información colexial. En liñas xerais, as actuacións serán as seguintes:

#### Programas:

- Aplicación de xestión interna (COAGXestión): mantemento, evolución e inclusión de novas funcionalidades. Inclusión das coordenadas UTM nos proxectos. Normalización do uso da sinatura electrónica en todas as xestións internas do COAG.
- Aplicación de contabilidade: análise de provedores para a relación en tempo real coa aplicación COAGXestión.
- Aplicación para os colexiados (COAGEstudio):

- Creación de asistentes. Inclusión de novas funcionalidades (CTE, baremo, etc.). Establecemento da relación coa aplicación de memorias da CAT, que xa se atopa publicada.
- Versión en rede e sinatura remota da información.
- Estudio da compatibilidade do sistema co DNI electrónico.
- Implementación definitiva de métodos de pagamento automáticos (pasarela, domiciliación,...).

#### Sistemas:

- Renovación de equipos obsoletos nas delegacións e sede.
- Análise de implantación de voz IP. Ampliación do ancho de banda das comunicacións.
- Análise de escalabilidade dos sistemas e servicios.

#### Correo electrónico

Continuarase o estudio dos distintos sistemas de AntiSpam, xa que hoxe en día este é o maior problema co que se enfrentan os usuarios de correo. Instalación dun novo cliente web de correo.

#### Información colexial

Realizarase unha reforma en profundidade dos mecanismos de publicación da información colexial en canto a redactores, contidos e deseño, que afectarán especialmente á web colexial.

#### Formación

Continuarase cos cursos de formación ós usuarios do COAG nas ferramentas de uso cotiá, impartidos por membros do departamento de informática.

## 1.6. COMISIÓN DE CULTURA

A Comisión de Cultura do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, está integrada por catro Delegados da Xunta de Goberno, dos que un ostenta o título de Presidente, e sete representantes das Delegacións.

No decurso do exercicio que se contempla foi a seguinte:

A) membros designados pola Xunta de Goberno:

D.	Felipe Peña Pereda	Presidente
D.	José Luis Varela Alén	Secretario
Dna.	Marta Pérez-Cela Fornesa	Vocal
D.	Mario Di Felice Vázquez	Vocal
D.	César Coll Núez	Responsable de Biblioteca

B) representantes de Delegacións e Subdelegacións:

D.	Víctor M. Glez Magdalena	VIGO
D.	Eduardo Molina Souto	PONTEVEDRA
D.	José Manuel López Leira	FERROL
D.	Xan Xosé Rodríguez Glez	OURENSE
D.	Fernando Agrasar Quiroga	A CORUÑA
D.	Maria del Carmen García Glez	SANTIAGO
D.	Angel Carreira Montes	LUGO

O pleno da Comisión celebrou neste período 2 sesións ordinarias, os días 5 de xullo e 12 de novembro, tiveron lugar así mesmo outras 22 reunións para a organización de actividades, desenvolvemento de Convenios, Xurados, Premios, Concursos e Publicacións.

Para levar a cabo estas actividades realizáronse os seguintes traballos: Convocatorias e envíos de documentación correspondentes ás respectivas reunións. Transcricións e redaccións de actas, escritos varios, fotocopias e arquivo de documentación cultural, elaboración de memoria, presupostos e informes de gastos e ingresos culturais. Elaboráronse varios informes tamén para as diferentes reunións da Comisión de Cultura.

Reséñanse nas páxinas seguintes as actividades desenvolvidas pola Comisión de Cultura clasificadas por temas.

### **CONVENIOS**

#### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA DE A CORUÑA (E.T.S.A.C) E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA ( C.O.A.G.)**

Dentro do convenio de colaboración asinado entre a Escola Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, proseguíronse as actividades culturais conxuntas, realizáronse escritos varios por Fax e correo necesarios para a tramitación de tódolos asuntos que se xestionaron. Esta en preparación un número do Boletín Académico dedicado a obra do arquitecto Rafael Baltar

## CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN ALEJANDRO DE LA SOTA DE MADRID

Dentro da colaboración co Colexio mantén coa Fundación Alejandro de la Sota de Madrid, neste exercicio o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia sigue coa súa colaboración no desenvolvemento do Proxecto Cultural “**FUNDACIÓN ALEJANDRO DE LA SOTA**” aportando unha cantidade anual que se destina con carácter prioritario a aquelas actividades incluídas ou a incluír no programa, e nas que o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia teña unha presencia máis xustificada. Hai un acceso ós fondos dixitalizados da fundación dende tódalas Delegacións do Colexio. Accedendo á páxina web da Fundación poderase consultar os seus fondos, fundamentalmente a obra de De la Sota, dixitalizada..

### **PROXECCIÓN CULTURAL**

Neste exercicio que se contempla a Comisión de Cultura na súa actividade de proxección cultural desenvolveu varias actividades relacionadas cos seguintes temas:

#### **DOCOMOMO IBÉRICO**

O Colexio segue participando nas reunións do Organismo Internacional DOCOMOMO IBÉRICO, D. Celestino García Braña é o Delegado do Colexio para as relacións con este Organismo.

Así mesmo froito do traballo que leva a cabo a Fundación DOCOMOMO no programa de documentación e conservación da arquitectura e o urbanismo no seu ámbito territorial ibérico, en colaboración cos Colexios e outros organismos publicouse o libro :

#### **Arquitectura de la industria, 1925-1965**

### **ACTOS “CIDADE VELLA” A CORUÑA**

O Presidente da Comisión de Cultura participou nos actos “Cidade Vella” o 17 de maio de 2005, en relación co arquitecto Rodríguez Losada.

### **PROXECTOS DE ACTIVIDADES CULTURAIS**

Como cada ano na circular Colexial (nº 106 do 19 setembro) apareceron as normas para a presentación de proxectos de actividades culturais da Comisión de Cultura.

Recibíronse neste Comisión un total de 4 proxectos de publicacións, exposicións, becas de investigación etc., que foron posteriormente analizados polos membros da Comisión para facer unha selección de propostas que se desenvolverán ó longo do exercicio 2006.

Para levar a cabo esta actividade realizáronse os seguintes traballos: recepción de tódolos traballos presentados. Fotocopias e listados varios detallados das obras recibidas no Colexio. Supervisión de tódolos traballos recibidos para o cumprimento das condicións de admisión especificadas nas Normas. Envío de escritos a tódolos que presentaron traballos para notificarles os acordos da Comisión de Cultura. Devolución de traballos non admitidos e outras xestións por Fax, correo, e-mail, para levar a cabo os proxectos aceptados.

### **IV ENCONTROS INTERNACIONAIS DE ARQUITECTURA**

A cuarta edición dos Encontros, celebrada entre o 20 e o 22 de novembro, foi organizada conxuntamente polo colectivo de arquitectos Andar Quatro e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, contando coa colaboración do Ministerio de Vivienda, a Consellería de Vivenda e Solo, o Concello de Santiago, etc...

Día 20	Día 21	Día 22
<b>09:00-10:00</b> Recollida de acreditacións	<b>10:00-11:00</b> Juan Freire. (España)	<b>10:00-11:00</b> Luis Grossman. (Arxentina)
<b>10:00-11:00</b> Carlos Jimenez. (E.U.A)	<b>11:00-12:00</b> Paulo Mendes da Rocha.(Brasil)	<b>11:00-12:00</b> Wilfried Wang.(Alemania)
<b>11:00-12:00</b> Kengo Kuma (Xapón)	Visita a stands	<b>13:00-14:00</b> Alberto Kalach.(Mexico)
Visita a stands	<b>13:00-14:00</b> Alfonso Penela.(España)	Visita a stands
<b>13:00-14:00</b> David Adjaye. (Ghana)	<b>16:30-17:30</b> J.Navarro Baldeweg.(España)	<b>16:30-17:30</b> Baumschlager&Eberle.(Austria)
<b>16:30-17:30</b> Acobo&Alonso. (España)	Visita a stands	Visita a stands
Visita a stands	<b>18:30-19:30</b> Wiel Arets. (Holland)	<b>18:30-19:30</b> Patxi Mangado. (España)
<b>18:30-19:30</b> E.Souto de Moura. (Portugal)	<b>19:30-21:00</b> Coloquio.	<b>19:30-21:00</b> Coloquio.
<b>19:30-21:00</b> Coloquio.	Moderado por Celestino García.	Moderado por Felix Arranz..
Moderado por Felipe Peña.		

## DIA MUNDIAL DA ARQUITECTURA

A celebración do día Mundial da Arquitectura tivo lugar o día 3 de Outubro de 2005 manifestouse nas 7 cidades galegas (A Coruña, Vigo, Ourense, Lugo, Pontevedra, Santiago, Ferrol). Desenvolvéronse diversos actos co tema seleccionado para esta edición:

A “Unión Internacional de Arquitectos” e o “Consejo Superior de los Colegios de Arquitectos de España” promoven e divulgan este día, nos seus ámbitos correspondentes.”

En cada unha das cidades, e a través de cada Colexio de Arquitectos, sinalouse un tema de interese arquitectónico (un arquitecto e unha obra) e divulgouse, unha documentación que permita o seu mellor coñecemento e as arquitecturas inmediatas e cotiás das cidades. É unha maneira de achegarse a esta disciplina e á percepción dos edificios e as cidades pola xente nos seu medios habituais (periódicos, a rúa, edificios elixidos, institucións culturais: sociedades, librerías etc.)

COAG, delegación de A Coruña.

**Cuartel de Atocha**, A Coruña, Praza de Millán Astray, s/n, A Coruña, Joaquín Montenegro Guitart, enxeñeiro

COAG, delegación de Ferrol.  
**Barrio de Recimil**, Ferrol, 1929,  
Santiago Rey Pedreira, arquitecto

COAG, delegación de Lugo.

**Edificio de viviendas de renda limitada**, Lugo, 1958

Ramón Vázquez Molezún, arquitecto

COAG, delegación de Ourense.

**Templo da Veracruz**, 1943, O Carballiño (Ourense)

Antonio Palacios, arquitecto

COAG, delegación de Pontevedra

**Villa Pilar**, Pontevedra, 1889

ANTONIO CRESPO, arquitecto

COAG, delegación de Santiago.

**Conservatorio Profesional de Música**, Santiago, 2004

José A. Franco Taboada, arquitecto

COAG, delegación de Vigo.

**Polígono de Coia**, Vigo 1970

Desiderio Pernas, arquitecto

## FEIRA DO LIBRO DE A CORUÑA

Celebrouse a Feira do libro na cidade de A Coruña, o Colexio a través da Comisión de Cultura participou na mesma coas súas publicacións más recentes, que foron exposta para a súa venda.

## PROXECTO TERRA

O Proxecto Terra é un proxecto didáctico dirixido á Educación Secundaria Obrigatoria coa fin de contribuír dende a nosa disciplina a mellorar o coñecemento que os escolares do noso país deben ter da nosa identidade territorial e da nosa arquitectura.

O equipo do proxecto Terra formado por Xosé Manuel Rosales Noves, Antonio Díaz Otero, Juan Luís Dalda Escudero e Pedro de Llano Cabado,

Proséguense a impartir os cursos de formación por toda Galicia. Acadando o cómic diferentes distincións e premios, incluído o do Salón do Cómics de Barcelona 2005

## MUSEO DO MAR DE GALICIA

O Colexio sigue mantendo a súa colaboración co MUSEO DO MAR DE GALICIA, o representante do Colexio, D. José Luís Varela Alén, Secretario da Comisión de Cultura, é o encargado de participar nas conferencias, mesas redondas e exposición que se organizan dende o CONSELLO ASESOR DO MUSEO DO MAR DE GALICIA, neste exercicio o Colexio a través do seu representante participou nas diferentes reunións.

## PÁGINA WEB DE CULTURA

A Comisión de Cultura dispón dunha páxina web na que os visitantes poden consultar información sobre membros da Comisión, Delegacións, suplementos, publicacións

periódicas do Colexio (Obradoiro, O Monografías), libros e catálogos, premios do Colexio e o Proxecto Terra. Traballase na preparación da revista na rede internet "Aire Dixital" que estará a punto nos primeiros meses do 2006.

## **INTERCAMBIO DE PUBLICACIÓNS CON OUTRAS ENTIDADES**

Continuase o intercambio de publicación con distintas institucións e universidades.

### **SERVIZO DE PUBLICACIÓNS. EDICIÓNS DE LIBROS**

#### **PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS**

O Monografías n. 3 "Casa"  
Obradoiro n. 31 "Campos de Batalla"

#### **EDICIÓNS DE LIBROS**

Como editor:

- Catálogo X Premio COAG de Arquitectura (2005)
- Catálogo XI Premio COAG de Arquitectura (2005)
- Rotulados (2005) de Ana Cocho Bermejo y Santiago Vaamonde Juanatey
- El espacio sagrado en la arquitectura española contemporánea (2005) de Esteban Fernández Cobián

Como patrocinador:

- Mario Soto: España y la Argentina en la arquitectura del siglo XX de Eduardo Maestripieri y otros.

### **EXPOSICIÓN**

Por iniciativa desta comisión realizáronse obras de acondicionamento no vestíbulo de acceso e na sala de exposicións, revestindo os paramentos verticais cun trasdosado de cartón ieso que facilitará as montaxes dun xeito máis versátil.

As exposicións organizadas pola Sede do Colexio foron a seguintes:

#### **GALICIA EN FOCO**

**13 de xaneiro-28 de xaneiro**

Exposición organizada por la Delegación de Santiago del COAG e celebrada na sala de exposicións da Sede do COAG

#### **XI PREMIO COAG DE ARQUITECTURA**

**7 de abril - 15 de maio**

montaxe deseñada polo colexiado Víctor Rodríguez Romero

#### **LÁPICES, RATONES, BRUJULAS**

**30 de xuño - 28 de agosto**

Exposición producida polo Colegio Oficial de Arquitectos de Cádiz comisariada polo arquitecto Ricardo Sánchez Lampreave.

## **EUROPAN**

**22 de setembro - 23 de outubro**

Exposición organizada por la Delegación de Santiago del COAG e celebrada na sala de exposicións da Sede do COAG

As exposicións que se encontran pendentes son as seguintes:

- A NOVA ARQUITECTURA DA CIDADE VELLA, en colaboración co Colexio de Arquitectos de Lugo.
- EXPOSICIÓN ANTOLÓXICA SOBRE A OBRA DE ANDRÉS FERNÁNDEZ. ALBALAT LOIS
- CARLOS QUINTÁNS EIRAS: EXPOSICIÓN: ARQUITECTOS XÓVENES GALLEGO

Exposicións previstas:

Negociacións co estudio de Norman Foster para traer a Santiago unha exposición cunha selección de proxectos. O Secretario desta Comisión entrevistouse en Londres cos representantes. Negociouse con varios lugares expositivos, San Martín Pinario y O Pazo de Xelmírez en Santiago de Compostela. Esta exposición non pudo levarse adiante no 2005

Durante o exercicio 2005 tramitouse todo o proceso de preparación e xestión. para a exposición de "Oiza Oteiza" que se celebrou finalmente no 2006

## **REVISTA OBRADOIRO – NOVO EQUIPO DE REDACCIÓN**

Con data 11 de xullo publicouse na circular n. 86 as bases para o concurso para a adxudicación dos traballos de redacción da revista Obradoiro.

Con data 18 de novembro reuniese o xurado encargado da elección do novo equipo redactor da revista do COAG, Obradoiro, composto por D. Felipe Peña Pereda, D. Ricardo Sánchez Lampreave, D. Pablo Gallego, D. José Antonio Vázquez Martín, D. Mariano de Labra e D. José L. Varela Alén como Secretario. Presentáronse dúas propostas das que resultou seleccionada a encabezada por D. Carlos Quintáns Eiras e D. Carlos Pita Abad.

## **ANEXO I : MEMORIA DA BIBLIOTECA**

### **MEMORIA DAS ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA DO COAG**

Responsable da Biblioteca D. César Coll Nuez

#### **1. TRATAMIENTO DO FONDO BIBLIOGRÁFICO**

##### **Ingreso de publicacións**

A Biblioteca ingresou **581 libros** novos durante o exercicio 2005, a través de compra, doazón e intercambio.

Con respecto ás publicación periódicas renováronse tódalas subscricións, e fíxose un estudio para a realización de novas para o ano 2006.

### Tratamento das publicacións

Ás novas incorporacións déuselles o tratamento técnico de rexistro e selado.

## 2. SERVIZO DE PRÉSTAMO

- **Préstamo a domicilio:**
  - Préstamo por valixa : envío dos libros solicitados a calquera das Delegacións, sen custo algúin para o colexiado.
  - Préstamo enviado directamente ó domicilio particular ou estudio, co pago de unha tarifa especial negociada cunha empresa de transporte.
- **Préstamo en sala:** acceden para consultar os fondos tanto colexiados como outras persoas con interese nos fondos da Biblioteca Colexial. Os visitantes pertencen á: ETSA de Universidade da Coruña e de outras Escolas de Arquitectura (estudiantes, Proxecto Fin de Carrera, Doutoramento); investigadores e estudiosos da arquitectura de Galicia; alumnos da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela; Terceiro Ciclo USC (Doutoramento); Cuarto Ciclo da USC (programa de formación dirixido a alumnos maiores de 50 anos); Escola de Artes e Oficios Mestre Máteo
- **Préstamo interbibliotecario:** realizado entre as Bibliotecas de Sede e Delegacións do COAG ou entre a Biblioteca Colexial de Sede e as Bibliotecas de outros Colexiados de España, atendendo as normas que regulan este tipo de préstamo.

### ESTATÍSTICA DE PRÉSTAMO

O préstamo alcanzou un total de **1871 documentos prestados**, incluíndo nesta cifra o préstamo a domicilio e en sala, e o material audiovisual, e tamén como préstamo as renovacións. Incremento un 11% con total do 2004

## 3. INFORMACIÓN BIBLIOGRÁFICA ÓS COLEXIADOS

A Biblioteca segue ofertando os Colexiados un servizo de información bibliográfica sobre distintos temas, informándoseles dos libros existentes na biblioteca sobre esa temática, e noutras bibliotecas do seu entorno.

Recibíronse un total de **81 solicitudes**, todas elas foron atendidas facilitándolle o préstamo dos libros existentes na Biblioteca Colexial, así como toda a información que se lle poidera aportar como artigos en revistas, páxinas web, etc.

## 4. WEB DA BIBLIOTECA

**Recursos en Internet:** actualizáronse os enlaces a páxinas de interese para os colexiados e relacionadas con noticias de actualidade da arquitectura, urbanismo, construcción e deseño.

**Catálogo:** actualización automática do catálogo da Biblioteca na web coas novas incorporacións

**Visitas:** a páxina da Biblioteca tivo un total de 4565 visitas, no exercicio desta memoria, (datos facilitados polo Departamento de Informática).

**Tesoureiro:** D. José A. González González  
**Secretario:** D. Rafael Oliveira Souto

### DELEGACIÓN DE SANTIAGO. Ramón Piñeiro, 10. Baixo. 15701-Santiago

**Presidente:** D. Carlos Almuñña Díaz  
**Tesoureira:** Dna. Clara González Gil  
**Secretario:** D. Miguel Serrano Gómez

### DELEGACIÓN DE FERROL. Real, 14-16. Baixo. 15402-Ferrol.

**Presidente:** D. Juan A. Pérez López de Gamarra  
**Tesoureiro:** D. Ramón Irazu Riveira  
**Secretario:** D. Juan A. Vila Pita



## **MEMORIA DE XESTIÓN DA DELEGACIÓN DE A CORUÑA DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA. EXERCICIO 2005**

### **1.- XUNTA DIRECTIVA**

A Xunta Directiva da Delegación, dende as eleccións celebradas en maio de 2003, está formada por:

PRESIDENTE: D. Alberto Unsain González de Suso

SECRETARIA: Dona Sonia Romero Teijo

TESOUREIRO: D. Fernando Agrasar Quiroga.

A Xunta Directiva celebra un total de 27 reunións, tramitándose 129 asuntos.

### **2.- DELEGACIÓN.**

A Delegación de A Coruña, ten adscritos a data 31 de decembro un total de 932 arquitectos.

Tramitáronse 13.268 documentos, dos que corresponden a expedientes abertos no ano 2005 un total de 3.228. Os ingresos xerados para o conxunto do COAG ( Delegación e Sede Colexial) pola tramitación de expedientes ascenden a 1.701.194 €

Celebráronse reunións de Xunta de Delegación, os días 18 de maio, 7 de novembro e 14 de decembro.

O cadre de persoal da Delegación está formado por 10 persoas. Ao longo do ano foi preciso contratar por baixa por enfermidade a unha auxiliar administrativa e tamén a un arquitecto de apoio, por motivo de baixas e vacacións do persoal.

Envíanse aos colexiados un total de 32 Circulares de Información Xeral, 24 de Planeamento e 4 da CAT.

Ademais dos servicios relacionados coa actividade do visado colexial, e os vinculados cos normais de atención e asistencia a colexiados, Administracións Públicas- central, Local, Autonómica- e público en xeral, a Delegación ven prestando os seguintes servicios:

## SERVICIOS INTERNOS

### **Servicio de Asesoramiento en materia de Instalacións**

Se presta este servicio coa asistencia de Dona María Jesús Dios Viétez, que atende aos colexiados de forma persoal tódolos mércores en horario de tarde. Ademais de solucionar os problemas formulados de forma presencial, tamén responde a consultas vía telefónica e vía correo electrónico. Elabora así mesmo, circulares de información que se envían a tódolos colexiados e que se colgan da páxina Web para que poidan ser libremente consultadas.

### **Asesoría Xurídica**

Este servicio préstase coa colaboración do letrado D. Andrés Salgueiro Armada, quen realiza funcións de asesoramento e asistencia a Xunta Directiva e aos colexiados en tódalas materias relacionadas coa actividade profesional, así como accións xudiciais relacionadas coa mesma e de reclamación de honorarios.

### **Servicio de ploteado e asesoramento informático**

Rematada a fase de xestión directa do servicio, se procede a contratación da empresa Zoko S.L., dirixida polo colexiado D. Alfredo González Cascallana ata o mes de decembro no que procede, por mor da súa elección como Secretario do Colexio, a venda da súa participación na empresa. Se atende aos colexiados nas oficinas de ZOKO na Delegación, zona de servicios externos, onde se recolle e entrega a documentación que se solicite do servicio.

### **Asesoramento de estructuras**

Comeza a funcionar este servicio no mes de maio de 2005, baixo a dirección de D. Jorge Aragón Fitera, profesor de estructura da ETSA de A Coruña. Atende de forma persoal as colexiados, tódolos mércores pola tarde.

### **Punto de Información do COAG.**

Mediante un ordenador situado na área de planeamento da Delegación, con conexión a Internet, onde é posible conectarse co COAG e coa Delegación, para obter a información necesaria en materia de circulares, concursos, descargas de programas, consultas de expedientes, normativa, impresos colexiais...

### **Buzón do colexiado**

Implantado na Páxina Web da Delegación. Recolle escritos que os colexiados desexen inferir coa única limitación de súa extensión a dúas páxinas.

## Apertura da Delegación os mércores pola tarde

A Delegación permanece aberta tódolos mércores pola tarde en horario de 16,30 horas a 20,30 horas. Neste horario, ademais de resolver asuntos derivados da tramitación de expedientes, pódese realizar consultas coa Asesoría Xurídica, coa Asesora de Instalacións e co Asesor de Estructuras.

## SERVICIOS EXTERNOS

### Hermandad Nacional de Arquitectos

Mediante un convenio de colaboración, HNA alugou un local nas oficinas da Delegación para desenvolver a súa actividade de forma mais próximo aos colexiados.

### Asemas:

A Xunta Directiva tamén aluga un local a Semas, de forma que persoal de Asemas atenda de forma persoal aos mutualistas.

### Arquitasa

A oficina de Arquitasa, aberta na Delegación presta servicios de validación aos colexiados que o requiran, realiza taxacións e asesora en materia de valoración e taxación inmobiliaria.

## 3.- COMISIÓNS DE TRABALLO DA XUNTA DIRECTIVA

As comisiós de Traballo da Xunta Directiva son:

**Comisión de Cultura.** Responsable: D. Fernando Agrasar Quiroga

**Comisión de Asesoramiento Tecnológico.** Responsable: Dona Sonia Romero Teijo. Con data 30 de decembro, Dona Sonia Romero presenta a súa dimisión por razóns persoais. A Xunta Directiva propón como responsable, en substitución a Dona Luísa Orro Bello, quen acepta o nomeamento, facéndose cargo da citada Comisión con efectos de xaneiro de 2006.

**Comisión de Planeamento.** Ata o mes de xuño de 2005, o responsable da comisión é D. Enrique Seoane Pardo, quen presenta a súa renuncia por razóns profesionais os incorporarse ao Consorcio de Santiago. A Xunta Directiva invita aos colexiados, mediante Circular a assumir a responsabilidade desta Comisión. Con data 28 de setembro, se nomea responsable da mesma a D. Rafael Pier Romero.

**Páxina Web da Delegación.** Ata as eleccións parciais a Xunta de Goberno, celebradas o día 9 de decembro de 2005, a Páxina Web da Delegación, estaba a cargo de D. Alfredo González Cascallana. Con motivo da súa elección como Secretario da Xunta de Goberno, presenta a súa renuncia, sendo nomeada como responsable da páxina dona Julia Míguez Rey.

#### 4.- CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES.

**Acordo marco de colaboración entre o concello de A Coruña, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, o Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, APROINCO, e APECCO, para a realización de actividades conxuntas en materia de edificación no concello de A Coruña.**

Durante o longo do ano 2005 mantivéreronse numerosas reunións co concello de A Coruña e as institucións anteriormente relacionadas, co obxecto de chegar a un acordo marco en materia de edificación dentro do ámbito do Concello de A Coruña. Froito das mesmas nace un acordo marco de colaboración que finalmente se asina en data 21 de febreiro de 2006.

O concello comprométese, entre outros puntos, a concesión da licencia de edificación no prazo de tres meses, e a incrementar as dotacións humanas e materiais na sección de urbanismo. O Colexio de Arquitectos se compromete a velar para que a documentación a presentar nos proxectos sexa completa, a entregar o Libro de Ordes e asistencias co proxecto de execución, e a instar a realización do protocolo de gretas.

Seguen vixentes os seguintes Convenios:

**Convenio de colaboración co concello de A Coruña para a elaboración de Informes para a Inspección Técnica das Vivendas. ITE**

Actualmente se está no proceso de elaborar as listas de arquitectos interesados en realizar estas inspeccións de forma subsidiaria.

**Convenio de colaboración co Instituto de Estudios Políticos e Sociais**

**Convenio coa Universidade de A Coruña en materia de colaboración educativa.**

**Convenio de colaboración con Bankinter**

**Convenio de colaboración co Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de A Coruña**

**Convenio de colaboración co Banco Pastor.**

En canto o Convenio de colaboración coa Deputación de A Coruña, segue actualmente pendente de ser asinado.

## 5.- RELACIÓN CON INSTITUCIÓNS E ENTIDADES.

### **Concello de A Coruña.**

Celebráronse ao longo do ano numerosas reunións co Concelleiro Delegado da Área de Urbanismo, D. Javier Losada Aizpazu, motivadas en boa parte, pola proposta de crear un convenio marco de colaboración en materia de edificación.

Entre outras propostas realizadas ao concello, está a solicitude de que a Praza situada entre R/ Juan Flórez e a Igrexa dos Capuchinos, leve o nome de Antonio Tenreiro Rodríguez.

Tamén se presenta un escrito de alegacións ao Plan Especial de protección e Reforma Interior da Cidade Vella na ámbito da praza das Bárbaras.

### **Concello de Corcubión**

Emisión dun Informe- Certificado, realizado a petición do concello para comprobar a fidelidade dunha documentación existente no concello, co proxecto visado polo Colexio.

### **Concello de As Somozas.**

Presentación dun escrito de impugnación as bases que rexen a convocatoria dunha praza de arquitecto superior.

### **Concello de Culleredo**

Colaboración na elaboración dun listado de arquitectos interesados en elaborar proxectos de rehabilitación e reconstrucción de vivendas rurais.

### **Concello de Carnota**

Elaboración dun Informe a petición do concello acerca da competencia dun arquitecto técnico para a redacción dun determinado proxecto.

### **Fundación Juana de Vega**

Colaboración na difusión e entrega de documentación relativa ao primeiro premio Juana de Vega de Arquitectura.

### **Arquitectos Sen Fronteiras**

Colaboración económica destinando o sobrante da lotería premiada coa devolución, así como unha aportación de 1.000€ para un proxecto en Guatemala.

### **Escola Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña**

Colaboración coa ETSA de A Coruña nos actos celebrados con motivo da reunión de directores de Escolas de Arquitectura do Estado. A Delegación invita aos citados directores a unha cea que se celebra o día 25 de novembro

### **Instituto de Estudios Políticos y Sociales**

Colaboración no curso sobre urbanismo organizado polo citado Instituto. Apórtase unha achega económica por importe de 3.000 €,

## **6.- PREMIOS E CONCURSOS**

### **Convocatoria dun concurso para deseño da imaxe corporativa para conmemorar o 75 aniversario da creación da Delegación de A Coruña**

A Xunta Directiva acorda na súa reunión celebrada o día 23 de febreiro de 2005, a convocatoria do concurso así como as bases do mesmo, dotado dun primeiro premio por importe de 1.800 €, dous accésits por importe de 600 € cada un.

O xurado do concurso concede o primeiro premio ao traballo presentado pola equipa composta por Dona Carolina Mateos, D. Enrique Barreiro e D. Enrique Mateos. O primeiro accésit se concede ao traballo presentado por D. Alfredo González Cascallana, e Dona Carolina García Rodríguez. Tamén se conceden dúas mencións; unha ao traballo presentados por D. Marcial Muñoz, e a outra, ao presentado por D. Eloy Calderón e D. Jorge Rodríguez.

Inaugúrase unha exposición cos traballos premiados o día 21 de xullo.

### **Primeiro Premio de Coruña Arquitectura**

A Xunta Directiva na súa reunión de 23 de febreiro acorda a creación dun Premio Coruña Arquitectura, sen retribución económica, meramente honorífico, cos obxectivos de promoción da arquitectura como ben cultural, divulgación do feito arquitectónico galego e do bo fazer dos arquitectos galegos, defensa do patrimonio arquitectónico galego, e achegas ao desenvolvemento e investigación tecnolóxica da arquitectura en Galicia.

O Xurado do premio, formado por D. Alberto Unsain, D. Fernando Agrasar, D. José M. Casabella en representación da ETSA de a Coruña, D. Miguel Silva en representación do Decano do COAG, D. Juan Pérez López de Gamarra, Presidente Delegación de Ferrol, e D. Isaac Díaz Pardo na súa condición de persoa de recoñecido prestixio relacionada coa arquitectura, acordou conceder esta premio na súa primeira edición ao conxunto da obra de D. Antonio Tenreiro Rodríguez, un dos arquitectos fundadores da Delegación. Está previsto unha publicación e unha exposición da obra de D. Antonio Tenreiro. Tamén se concede unha mención a Fundación Barrié., pola súa destacada labor en pro da arquitectura.

## 6.- PROXECCIÓN EXTERIOR E ACTIVIDADES DA DELEGACIÓN

### Xornada sobre a modificación da lei do Solo de Galicia

Se celebra esta xornada o día 31 de xaneiro, correndo a cargo de D. Matín Fernández Prado, anterior Director Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia

### Conferencia- debate sobre a importancia da perecia

Interveñen nesta charla celebrada o día 16 de febreiro, organizada convxuntamente coa Agrupación de Arquitectos Peritos e Forenses de A Coruña, os maxistrados D. Antonio Fraga Mandía, xuíz Decano de A Coruña, e D. Luís Pérez Merino, do xulgado de 1ª Instancia número 4.

### Conferencia- debate sobre a Propiedad Intelectual dos traballos de Arquitectura

Se celebra este acto na Sede da Delegación o día 14 de xuño, coa colaboración do Xuíz titular do xulgado mercantil de A Coruña, D. Pablo González Carrerón Fojón.

### Presentación do libro editado pola CAT “ Excavaciones urbanas y estructuras de cimentación”

Presenta o libro o seu autor, D. Juan Pérez Valcárcel. Se celebra este acto, o día 19 de maio.

### Feira do Libro de A Coruña

Instálase en colaboración coa sede un stand na Feira do Libro de A Coruña celebrada do 1 ao 10 de agosto.

### **Exposición do cómic “ A Mansión dos Pampín”**

En colaboración coa Semana do Cómico de A Coruña, se organiza esta exposición na Delegación que se inaugura o día 16 de agosto.

### **Día Mundial da Arquitectura.**

Acórdase pola Xunta Directiva a proposta da Comisión de Cultura, adicar este día ao Cuartel de Atocha de A Coruña. Se realiza unha visita guiada ao citado cuartel, a cargo do profesor D. José R. Soraluce Blond.

### **8 - ADQUISICIÓN DE INMOBILIZADO MATERIAL.**

#### **Contrato de execución da obra de reforzo de estructura do edificio de Pla Cancela número 13.**

Comezan as obras, contratadas con CONSTRUCCIONES BELLO S.L., estando no momento en período de execución. Agardase rematen nos vindeiros meses.

#### **Adquisición do local en planta baixa, situado en Federico Tapia 62 de A Coruña, contiguo a sede da Delegación.**

Na Xunta de Delegación celebrada o día 7 de novembro de 2005, acordase a adquisición do mencionado local. Este acordo é referendado na reunión da Xunta Xeral celebrada no mes de decembro.

#### **Adquisición dunha nova fotocopiadora.**

Se procede no mes de decembro a adquisición dunha nova fotocopiadora, con prestacións moi superiores a existente.

#### **Outro inmobilizado material**

Procédese a adquisición para a nova sede de diversos mobles e útiles: Unha lampa, unha mesa e tres cadeiras, unha televisión e vídeo, un moble casilleiro, percheiros...

### **9.- BOLSAS E AXUDAS A COLEXIADOS**

#### **Bolsa convocada pola comisión de Cultura para a selección dos traballos da exposición “ Arquitecturas elixidas ”**

Se convoca en data 23 de febreiro. Se concede aos colexiados D. Emilio Rodríguez Blanco e D. Jorge Alvarez Rúa.

### **Bolsa para o curso de postgrado de especialización en estructuras.**

Se conceden dúas bolsas por importe do 50% da matrícula do curso, a D. José M. Rodríguez González, e, a D. José M. Gallego Fernández.

### **10.- ORZAMENTO E PECHE DE CONTAS.**

O Peche de Contas, exercicio de 2004 é aprobado na reunión da Xunta de Delegación celebrada o día 18 de maio.

O orzamento da Delegación para 2006 se aproba na reunión da Xunta de Delegación celebrada o día 14 de decembro.

### **11.- CELEBRACIÓN DA PATROA A NOSA SEÑORA DO BELÉN**

Se celebra a festa da Patroa cunha cea no Coliseum de A Coruña o día 17 de setembro. A montaxe do acto estivo a cargo dos colexiados D. José A. López Mihura e Dona Sonia Romero Teijo.

### **12.- OBSEQUIO DE NADAL AOS COLEXIADOS DA DELEGACIÓN**

Se obsequia aos colexiados da Delegación cunha Axenda para o ano 2006, dedicada a obras dos arquitectos fundadores da Delegación.

Tamén se obsequia a arquitectos e persoal da Delegación cunha participación de 6 € no sorteo de Lotería do Nadal.

### **13.- COMISIÓN DE TRABALLO DA XUNTA DIRECTIVA.**

#### **COMISIÓN DE CULTURA**

A Comisión de Cultura desenvolveu neste período diversas actividades, cuxa relación e a seguinte

#### **Exposiciones de Arquitectura e Artes Plásticas**

**26 de xaneiro de 2005.** Exposición sobre o Plan de Rehabilitación do Casco Histórico de Santiago de Cuba. Exposición financiada polo Instituto de Cooperación Iberoamericana e na que colaborou o estudio coruñés Oficina de Planeamento

**17 de marzo de 2005.** Coderch 1940- 1964. En busca del Hogar. Exposición producida pola Comisión de Cultura do COAC, itinerante conxestionada coa Comisión de Cultura da Delegación de Lugo.

**1 de xuño de 2005.** O Papagaio: a pegada dos sentidos. Exposición de fotografía ( Maribel Longueira) e de poesía ( Luísa Villalta). Esta mostra ofreceu unha ollada artística sobre o barrio da cidade recentemente desaparecido, foi inaugurada cun recital poético no que participaron Miguel Anxo Fernán- Vello, Olga Patiño, F X Fernández Naval, Estíbaliz Espinosa e Luz Pozo Garda.

**21 de xullo 2005.** Exposición de deseños gráficos para o logo conmemorativo do 75 aniversario do Colexio na Coruña

**16 de Agosto 2005.** A mansión dos pampín. De Miguel anxo prado. Exposición da banda deseñada para o proxecto Terra- COAG.

**22 de setembro 2005.** César Otero 1952/2004. Exposición retrospectiva do artista e presentación do catálogo coordinado por Pedro Vasco.

**2 de novembro de 2005.** Arquitecturas sinaladas. Exposición producida pola Comisión de Cultura do COAG- Coruña sobre as arquitecturas que acadaron os premios nos concursos convocados en Galicia en 2004.

**21 de novembro de 2005.** Londres. Ciudad y Arquitectura. Exposición producida pola Consejería de Obras Públicas de la Junta de Andalucía, na que mostran as transformacións recentes na cidade de Londres, protagonizadas por obras singulares.

**19 de xaneiro de 2005.** 10 iniciadores. 1931: Creación do Colexio de Arquitectos na Coruña. Exposición de producción propia, que abre o 75 aniversario do Colexio de Arquitectos na cidade. A exposición amosa pezas singulares e pouco coñecidas dos dez arquitectos que en 1931 fundaron o Colexio. Tódalas pezas corresponden a época da República.

### Conferencias e debates

**27 de xaneiro de 2005.** Conferencia de Omar López Rodríguez, arquitecto conservador da cidade Santiago de Cuba, baixo o título “ a cidade histórica de Santiago de Cuba, capital de Oriente.

**3 de marzo de 2005.** Presentación do libro “ Mario Soto. “España y la Argentina en la arquitectura del siglo XX “ a cargo de Jesús Bermejo e Eduardo Maestripieri.

**18 de xullo 2005.** Conferencia do arquitecto Helio Piñón sobre a súa obra recente.

**3 de outubro de 2005.** Día Mundial da Arquitectura. Visita guiada ao cuartel de Atocha, polo catedrático José Ramón Soraluce e mais o coronel Enxeñeiro José M. Cidoncha.

**15 de decembro de 2005.** Presentación do libro “ Viaje a la Felicidad” de Eduardo Punset. Neste acto o autor ofreceu unha conferencia sobre os contidos do libro.

### **Manifestos en Defensa de Arquitecturas Ameazadas**

A Comisión de Cultura desenvolve unha labor continua de defensa, nos medios, de diversas arquitecturas ameazadas na súa integridade. O resultado desta labor están nos informes do gabinete de prensa do colexio.

### **COMISIÓN DE ASESORAMIENTO TECNOLÓXICO**

Compoñen a Comisión:

Responsable

Sonia Romero Teijo

Colaboradores

Jorge Aragón Fitera

Francisco Calvo Blanco

Mª Jesús Dios Vitez

Alfredo González Cascallana

Luísa Orro Bello, responsable da Comisión dende xaneiro de 2006.

Ao igual que en anos anteriores, o obxectivo principal da Comisión é a actualización permanente tanto no campo da formación técnica como da información á que debe ter acceso o colexiado para o exercicio da profesión. A centralización da xestión na sede permite optimizar esforzos e recursos dirixidos a ampliar cada vez mais os servicios ofrecidos aos colexiados.

Este esforzo estivo dirixidos aos seguintes obxectivos:

1. Mellorar o Plan de Formación Permanente
2. Potenciar os cursos superiores de Especialización, coordinados dende a CAT da sede.
3. Potenciar os medios telemáticos como vehículo de comunicación cos colexiados e distribución de novas ferramentas informáticas e acceso directo a normativa de aplicación.
4. Potenciar a firma de convenios comerciais con empresas colaboradoras.
5. Asesorar de forma directa ao colectivo de arquitectos en materia de instalacións, como NOVIDADE amplíase a area de estructuras.

## Plan de Formación Permanente

Ampliáronse os campos que abarca o Plan de Formación Permanente cun novo formato de charlas técnicas non vinculadas a presentación de novos productos, senón a temas de interese xeral e as novas Normativas que entraron en vigor. Abarca:

1. Cursos de formación. ( venres e sábados)
2. Cursos de especialización ( anual)
3. Presentación de novos produtos ( 3 horas)
4. Charlas Técnicas ( 3 horas)
5. Xornadas sobre normativa ( 4.5 horas)

Preséntase o Plan de Formación Permanente o día 24 de febreiro de 2005 cunha conferencia “Formas y Conflictos” no salón de actos do Museo Belas Artes.

Abríronse novas areas de formación orientadas a outros campos profesionais como:

1. Area de xestión de proxectos e obras
2. Area de xestión empresarial e inmobiliaria
3. Area de urbanización
4. Area de envolventes do edificio
5. Area de Xestión medioambiental
6. Area de estructuras de madeira e fábrica.

No período de xaneiro de 2005 a xaneiro de 2006, na Delegación impartíronse as seguintes areas con gran éxito entre os colexiados.

### Área de Instalacións

Curso	Delegación	Data	Duración	Asistentes
Climatización	A Coruña	1 e 2 abril 2005	12 horas	31
Enerxía solar	A Coruña	8 e 9 abril 2005	12 horas	43

### Área de Urbanismo I

Curso	Delegación	Data	Duración	Asistentes
Planeamiento de desenrollo	A Coruña	6 e 7 maio 2005	12 joras	31
Curso básico formación Arq. Municipais	A Coruña	12,13, 14 maio 2005	16 horas	85
Analise nova Lei Solo	A Coruña	31 xaneiro 2005	2 horas	110

## Cursos de especialización

I Curso de especialización en diseño de estructuras e cálculo de estructuras de edificación

Lugar celebración	Data inicio	Data finalización	Duración	Asistentes
Santiago	12 novembro 2004	11 xuño 2005	230 horas	50 alumnos

II curso especialización diseño e cálculo de estructuras de edificación

Lugar celebración	Data inicio	Data finalización	Duración	Asistentes
Santiago	12 novembro 2005	3 xuño 2006	230 horas	51 alumnos

Ademais dos cursos de formación realizáronse as seguintes presentacións de produtos mediante charlas técnicas

Empresa	Tema	Delegación	Data
Butech.Porcelanos	Fachadas ventiladas	A Coruña	7 novembro 2005
	Solo compacto	A Coruña	12 decembro 2005
	Aislamento Acústico	A Coruña	16 xaneiro 2006
Syntesia Española S A	Propiedades Espuma Poliuretano	A Coruña	24 outubro 2005
Promax	Protección maderas edificios	A Coruña	19 setembro 2005
Gas natural	Instalacións gas natural edificios vivendas	A Coruña	30 maio 2005
Andece	Pavimentación prefabricados formigón	A Coruña	23 maio 2005
Texsa Morteros SAU	Nova xeración revestimento fachadas	A Coruña	9 maio 2005

### Presentación de programas

Empresa	Tema	Delegación	Data
Cype Ingenieros	Predimensionador presupuestos	A Coruña	27 xuño 2005

### Visitas a empresas

Empresa	Lugar	Delegación	Data
Vitrocristalgass	Visita guiada da planta doble acristalamiento	A Coruña	29 maio 2005

### Convenios

Empresa. Entidade	Data	Obxecto Convenio
Texsa Morteros	Setembro 2005	Patrocinio II curso post. Deseño e cálculo estructuras de edificación
Repsol Butano S A	Setembro 2005	Patrocinio II curso post. Deseño e cálculo estructuras edificación
TyT Aginco S.L.	Setembro 2005	Patrocinio II curso post. Deseño cálculo estructuras edificación
FCC Construcción S A	Setembro 2005	Patrocinio II curso post. Deseño e cálculo estructuras edificación
Sika S.A.	Setembro 2005	Curso Inspección Técnica Edificios
RMD Kwikform Ibérica SA	Setembro 2005	Curso Inspección Técnica Edificios
Ispانيا Restauraciones S.L.	Setembro 2005	Curso Inspección Técnica Edificios
ABN Pipe Sistemas S.L.	Setembro 2005	Curso Inspección Técnica Edificios
Azko Nobel Coatings	Setembro 2005	Curso Inspección Técnica Edificios
Cemarksa	Setembro 2005	Curso Inspección Técnica Edificios
Drizoro S A	Setembro 2005	Curso Inspección Técnica Edificios
Geonovateck S L	Setembro 2005	Curso Inspección Técnica Edificios
Herms S A	Setembro 2005	Curso Inspección Técnica Edificios
Roca	Setembro 2005	Curso Climatización Energía Solar
Eshor	Setembro 2005	Curso excavacións e Cimentacións
Pilotes Losada S A	Setembro 2005	Curso excavacións e Cimentacións
Holtza S A	Setembro 2005	Curso Estructuras Madeira
Bureau Veritas S A	Setembro 2005	Curso de avaliación estructuras
Butech Porcelanosa	Novembro 2005	Realización charlas técnicas
Gas Natural	Maio 2005	Realización charlas técnicas
Promax	Agosto 2005	Realización charlas técnicas
Sythesia Española	Outubro 2005	Realización charlas técnicas
Terratest Medioambiente S.L.	Abril 2005	Realización charlas técnicas
Texsa Morteros	Marzo 2005	Realización charlas técnicas
Cype Ingenieros	Marzo 2005	Compra programas Cype

## Aula Informática

Durante este período convocáronse cursos intensivos en distintas aplicacións informáticas dirixidos a profesionais da arquitectura

Cype CAD

Novidades AUTOCAD 2006.

Internet. Outlook

Fotografía dixital.

## Asesoramento en instalacións e Estructuras

Iniciouse este proxecto no ano 2000, e durante este período foise consolidando a oficina de asesoramento técnico en instalacións ( CPI. Climatización, Voz e Datos. Electricidade..), con excelentes resultados. Este servicio dirixido por M. Jesús Díos Vitez, profesora titular da ETSA de A Coruña, resolve de balde e de forma persoal aos colexiados dúbidas xurdidas en distintas áreas de instalacións.

Este asesoramento realizase tanto dende a propia Delegación os mércores pola tarde como vía e-mail dende a páxina Web desenvolvida pola Delegación.

Co fin de aumentar a oferta de servicios colexiais a tódolos arquitectos, en maio 2005, a Delegación pon en marcha o Servicios de Asesoría en Estructuras de Edificación.

O servicio de asesoramento alcanza aquelas consultas xerais e relativas ás estructuras de carácter ordinario en formigón armado, aceiro, fábrica e madeira no ámbito do deseño, construcción, cálculo e patoloxía.

As directrices desenvoltas na asesoría foron:

Servicios de consultas: En termos xerais do seguinte tipo:

- Patoloxía. Análise de problemas e solucións de reforzo
- Cálculo e/o solución de pezas especiais
- Deseños constructivos e estructurais
- Execución: solución a problemas durante a execución e detalles especiais.
- Solución de cimentacións e/o consulta sobre informes xeotécnicos
- Solicitud de información relativa a normativa vixente
- Dubidas no uso e interpretación de resultados de aplicacións informáticas
- Dúbihdas dende as oficinas de control técnico e respuestas aos informes

Data	Tipo de consultas. ( % ).					
	Patoloxía	Calculo	Deseño	Execución	cimentación	Outras
Porcentaxe	11,11%	33,33%	16,67%	19,44%	11,11%	8,33%

## B) Modos de Asesoramento

- Asesoramento presencial: Aténdese persoalmente aos colexiados os mércores pola tarde na Delegación.
- Vía telefónica: cando as consultas de estructuras son urxentes, optouse por este sistema
- Correo electrónico: esta forma é a mais empregada polos colexiados. As respuestas realizáronse na maioría dos casos nun prazo inferior a 24 horas.
- Páxina web: puxérónse a disposición dos colexiados fichas técnicas, normativa, bibliografía e aplicacións informáticas de libre disposición.

Data	Número de consultas ( % )			
	e-mail	Telefónica	Presencial	Total
Porcentaxe	38,05%	21,35%	40,60%	100%

C) Ámbito das consultas realizadas: Evidentemente a presencia física na asesoría conleva un elevado porcentaxe das consultas realizadas

Data	Consultas por Delegacións (%)						
	Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo
Porcentaxe	57,50%	14,50%	2,50%	8,50%	3,50%	1%	12,50%

## Sitio Web. Instalacións

Potenciando o servicio de asesoramento técnico en instalacións e estructuras, mantívose e ampliouuse o sitio web para asesoramento directo ao colexiado mediante un sistema de

consulta en internet. O obxectivo principal é informar, asesorar, potenciando a participación do colexiado.

O sitio web está estructurado en apartados temáticos, mediante un sistema de etiquetado eficaz que permite acceder ao usuario a base de datos sobre normativa, fichas técnicas, consultas, aplicacións informáticas, bibliografía, congresos, cursos, noticias e enlaces con empresas do sector, en definitiva, toda a información que o colexiado demanda no ámbito de instalacións e a súa aplicación na redacción de proxectos de edificación e urbanización.

A Comisión de Asesoramento Tecnolóxico está aberta a todo colexiado interesado en participar na mesma.

### SITIO WEB DA DELEGACIÓN: <http://coruna.coag.es>

O responsable do sitio Web ata o mes de decembro de 2005, foi Alfredo González Cascallana. A partir de xaneiro de 2006, debido a toma de posesión do Sr. Cascallana como Secretario do COAG, a Xunta Directiva nomea responsable da páxina a Julia Rey Mínguez, colaboradora anteriormente na mesma.

Durante este período a labor editorial consistiu en recompilar e editar toda a información xerada pola propia Delegación e polas comisións de traballo.

A Web completa os servicios xa ofrecidos na Delegación, con información de interese aos colexiados: boletíns de asesoría xurídica, circulares, boletíns semanais de prensa, zona de opinión, ofertas e demandas de emprego, e tódolos eventos da Delegación.

A páxina web da Cat recolle a importante labor de M. Jesús Díos Vietez, cun total durante 2005, 126 consultas e actualizando as fichas técnicas correspondentes. Así como, a labor desenvolta en materia de estructuras por Jorge Aragón Fitera con quen se prepararon os guións para facer fichas técnicas de estructuras e tamén unha selección de normativa de estructuras.

Outras actividades relacionadas coa páxina: Elaboración de circulares CAT, Fichas Técnicas de Instalacións e Estructuras.

### Recepción, lectura e contestación ao correo electrónica

Consultas colexiados	526 e-mails
Delegación	335
Consultas CAT	152
Cultura	111
Correos internos	254
Axencia comunicación	145- 47 boletíns de prensa

Comezouse a deseñar o concepto de mapa de traballo da nova estructura web, eliminando e introducindo novas seccións , novo deseño gráfico, así como melloras na súa navegabilidade e compatibilidade.

### Estatísticas WEB

Informe: Resumo- COAG. A Coruña	
Período por datas: 01/01/2005- 01/12/2005	
Total páxinas vistas	332.683,00
Total accesos	679.056,00
Total de Baytes transferidos	3,33 GB
Promedio de páxinas vistas por día	993,08
Promedio de accesos por día	2.027,03
Promedio de Bytes transferidos por día	10,17 GB
Descarga de documentos: 9,291 documentos, e con acceso a 20,296 documentos en pdf.	

### Distribución por meses

	2004	2005		2004	2005
Xaneiro	47.916,00	<b>53.538,00</b>	Xullo	49.149,00	<b>43.922,00</b>
Febreiro	57.585,00	<b>54.974,00</b>	Agosto	33.824,00	<b>45.355,00</b>
Marzo	57.752,00	<b>49.715,00</b>	Setembro	58.094,00	<b>59.974,00</b>
Abril	N.D.	<b>72.483,00</b>	Outubro	58.409,00	<b>56.726,00</b>
Maio	N.D.	<b>91.079,00</b>	Novembro	51.265,00	<b>78.197,00</b>
Xuño	N.D.	<b>70.093,00</b>	Decembro	57.121,00	<b>68.600,00</b>

A Coruña, maio 2006.

ASDO. ALBERTO UNSAIN GONZALEZ DE SUSO  
PRESIDENTE DELEGACIÓN COAG. CORUÑA

**DELEGACION DE LUGO**

Rúa Puro Cora xornalistas, 1. 27002 LUGO

**DELEGACIÓN DE LUGO DO COAG  
MEMORIA DE XESTION/2005**

A presente Memoria de Xentión, dacordo ca brevidade que impón a súa natureza, pretende das a coñecer as actividades desenvoladas por esta Delegación en Lugo do COAG o largo do ano 2005.

**XUNTA DIRECTIVA: PRESIDENCIA**

Tras as eleccións estatutarias, celebradas no mes de maio do 2003, a Xunta Directiva estivo integrada polos seguintes membros:

Presidente: D. Wenceslao Posada García  
Tesoreiro: D. Arturo Silvosa Pérez  
Secretario: D. Alberte González Rodríguez

No desenvolvo das funcións que lle son propias, a Xunta Directiva celebrou as seguintes xuntanzas.

Sesión 01/2005, de 18 de xaneiro.  
Sesión 02/2005, de 21 de xaneiro.  
Sesión 03/2005, de 05 de marzo.  
Sesión 04/2005, de 08 de abril.  
Sesión 05/2005, de 05 de maio.  
Sesión 06/2005, de 26 de maio.  
Sesión 07/2005, de 08 de xuño.  
Sesión 08/2005, de 14 de xuño.  
Sesión 09/2005, de 12 de xuño.  
Sesión 10/2005, de 06 de setembro.  
Sesión 11/2005, de 11 de outubro  
Sesión 12/2005, de 25 de outubro.  
Sesión 13/2005, de 29 de novembro.  
Sesión 14/2005, de 07 de decembro.  
Sesión 15/2005, de 27 de decembro.

**DELEGACION DE LUGO**

Rúa Puro Cora xornalistas, 1. 27002 LUGO

Convocadas polo Presidente, según estatutariamente lle corresponde, celebráronse as seguintes reunións da Xunta da Delegación:

Sesión 01/2005, de 21 de febreiro, sobre ornamentos e suxerencias a modificación do Plan Especial de Protección do Recinto Interior de Lugo (PEPRI)

Sesión 02/2005, de 28 de febreiro, sobre plataforma do visado dixital.

Sesión 03/2005, de 02 de maio, sobre aprobación da memoria de xestión e peche de contas do exercicio 2004.

Sesión 04/2005, de 13 de decembro, sobre aprobación do Orzamento da Delegación para o exercicio 2006

• **ACTIVIDADES**

• **Legalidade urbanística**

- Segimento e persoamento en asustos relacionados ca legalidade urbanística, interpoñendo as correspondentes denuncias nuhes casos, e en outros, solicitando a paralización transitoria de obras por carecer da preceptiva dirección facultativa, o por vacancia de estas como consecuencia das renuncias presentadas .

• **Atribucións profesionais**

- Persoamento en diversos expedientes municipais de concesión de licencias en base a proxectos de edificación redactados por técnicos non competentes.

Mencionamos as denuncias formuladas ante os Concellos de Cospeito e Vilalba a proxectos de vivendas unifamiliares, vinculadas a explotacións agrarias, redactados por peritos agrícolas. Tralas alegacións presentadas e estimadas estas, ditos concellos non concederon as oportunas licencias por falla de habilitación legal dos técnicos redactores dos proxectos.

Asesoramento os colexiados sobor a súa plena competencia para redactar traballos específicos de instalacións, como parte integrante do proxecto de edificación, como consecuencia das trabas que a Delegación Provincial de Industria ven dispoñendo, aínda que non de maneira uniforme, na tramitación de ditos expediente, facilitándolle un modelo de escrito con fundamentación legal.

## DELEGACION DE LUGO

Rúa Puro Cora xornalistas, 1. 27002 LUGO

- **Colaboración con organismos.**

- Atencións prestadas a Administración de Xusticia dando puntual cumprimento os seus requirimentos.
- Colaboración coa Axencia Tributaria así coma a Delegación de Economía e Facenda en todo o relacionado cos procedementos das tasacións periciais contradictorias.
- Presencia da Delegación, a través do Sr. Presidente, no Xulgado Provincial de Expropiación Forzosa.
- Continuáronse as xuntanzas coa Universidade de Santiago o fin de conquerir un intercambio de información para a implantación de procesos formativos de postgrado, especializados en urbanismo, ordenación do territorio e aplicacións de sistemas de información xeográfica.

- **Relación coa Administración local**

- Dentro do Convenio Marco de Colaboración subscrito co Concello de Lugo, sinalamos a sinatura do Convenio para o “Estudo do estado de conservación dos inmobles situados no ámbito do Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior do Recinto Amurallado de Lugo e a súa zona de influenza.”

O convenio xurde como resultado do interese compartido por ámbalas corporacións pola recuperación, mellora e revitalización do casco histórico e ten por obxecto os estudo do despoboamento da cidade no ámbito do conxunto histórico e a súa zona de influenza para o que se estimou que se precisaba a elaboración dun traballo que analizará os seguintes puntos: o estado de conservación dos edificios, o estado real de ocupación a súa estructura comercial e de servizos; a súa coexistencia con usos residenciais e o réxime de propiedade.

Como contrapartida a prestación económica ofertada polo Concello na suma de 36.000 € a Delegación comprometese a aportar os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para levar a cabo dito traballo.

Con este propósito, e previa convocatoria aberta os Colexiados residentes en esta Delegación colexial, constitúense dez equipos, formados por un total de once colexiados.

**DELEGACION DE LUGO**

---

Rúa Puro Cora xornalistas, 1. 27002 LUGO

O traballo realizado comprende a seguinte documentación:

- Fichas de inspección técnica de la edificación completas ( en formato pdf) , base de datos (tipo access) e índice correspondente, contidos en soporte informático, formado por dous discos DVD.
- Fichas de inspección técnica de la edificación impresas en papel formando un total de 14 tomos, e
- Informe de conclusións.

Nas fichas técnicas realizase un informe polo miúdo das patoloxías observadas en cimentacións, muros, pilares, forxados, cubertas, carpinterías, rematados, servizos, baixantes e instalacións, indicando as obras necesarias a executar en cada un dos inmobles para devolverlos o seu estado de seguridade, salubridade e ornato público.

Asimesmo, analizase entre outros extremos, o estado real de ocupación dos inmobles, o seu grado de ocupación, réxime de propiedade, vivendas vacías, tamaño das vivendas, número total e idade de ocupantes.

• **Visado**

- Intervindo no visado dos traballos que presenten dificultades na interpretación da normativa colexial, tratando de establecer criterios uniformes para a súa vindeira aplicación en forma regulada e obxectiva.

• **Becas e bolsas de traballo.**

- Renovación da beca de bibliotecario o colexiado D. Angel Sánchez González
- Renovación da bolsa de traballo para as relacións coa administración local a colexiada D<sup>a</sup> Laura Prieto Varela.

**DELEGACION DE LUGO**

---

Rúa Puro Cora xornalistas, 1. 27002 LUGO

• **Servicios colexiais**

- Tramitación de solicitudes de novos colexiados, inscrición de sociedades profesionais e habilitacións, informando os solicitantes en todo o relativo a actividade profesional e colexial.
- Control na organización e xestión dos servicios e persoal da Delegación.
- Custodia e conservación dos bens colexiais.
- Información puntual os colexiados sobre propostas informáticas para a elaboración de proxectos.
- Tramitación de altas na Asociación de Seguros Mutuos de Arquitectos Superiores (ASEMAS) informando sobre distintos aspectos da póliza de responsabilidade civil. Liquidación mensual das primas devengadas
- Liquidación mensual das apartacións colexiais (Sede e Delegacións), retencións de IRPF e IVA.
- Información puntual sobre disposicións legais relacionadas coa actividade profesional, planeamento e ordenanzas municipais, con breve reseña do seu contido.
- Información tributaria referida as obrigacións fiscais
- Información sobre distintas ofertas de emprego
- Renovación do servicio de mensaxería a empresa Galastur Lugo, S.L. para o envío e recollida de expedientes, con cargo o presupuesto da Delegación
- Información sobre o estado do fondo bibliográfico, dando conta das publicacións adquiridas en breve reseña dos seus contidos.

**DELEGACION DE LUGO**

---

Rúa Puro Cora xornalistas, 1. 27002 LUGO

**• Actos sociais**

- Celebración da festividade da Patrona dos Arquitectos, acto que tivo lugar o día 24 de xuño coa cena de confraternidade no Club de Campo Las Bridas; como sigue sendo habitual e como recordatorio entregouse un agasallo.
- Agasallouse os colexiados e o persoal cuha participación de 10 euros para o sorteo da lotería nacional de Nadal.
- Celebración do XIV Trofeo San Froilán de fútbol sala, coa participación de equipos das delegacións do COAG.  
Como e tradicional agasallouse os participantes cuha pulpada.
- Colaboración con Arquitectos sen Fronteiras mediante a aportación de 1.820 euros como axuda económica o proxecto de cooperación o desenrolo en Guatemala.

**• SECRETARIA**

**Área Administrativa**

**• Altas e baixas de colexiados**

Altas: 08

Francisco Javier Rodríguez Alberto  
Alicia Jiménez Vergel  
Juan Fco. López Solloso  
Adrián Fernández viñas  
Pablo Rodríguez Fernández  
Susana Copa Billar  
Joaquín Maseda González  
Concepción Iglesias Piñeiro

**DELEGACION DE LUGO**

Rúa Puro Cora xornalistas, 1. 27002 LUGO

Sociedades: 05

Javier Seral y Eva Valle Arq. S.L.  
Brec Arquitectura  
Arquiroga, S.L.  
Arq.. e Interiorismo M. Martinez, S.L.  
Foro de Ove S.L.U.

Bajas: 00

Número total de colegiados residentes 187

• **Movimiento administrativo**

Correspondencia: saída	1.174
Correspondencia: entrada	897
Circulares:	53
Libros de ordenes e asistencias:	494
Libros de incidencias:	18
Liquidacións:	2.716
Talóns emitidos:	347

• **Área Técnica Visado** **6.332**

Traballos de edificación	2.575
Traballos de urbanismo	120
Outros traballos (informes, certificados, etc)	2.436
Estudos de Seguridade e Saude	1.201

## DELEGACION DE LUGO

Rúa Puro Cora xornalistas, 1. 27002 LUGO

- Traballos de edificación	2.575
Anteproxecto	32
Proxectos básicos	231
Proxectos de ejecución	131
Proxectos básicos y de ejecución	968
Expedientes de legalización.	124
Proxectos de derrubo	77
Direccións de obra	573
Certificados Finais de Obra	433
Proxecto parcial	4
Proxecto equidistribución	2
- Traballos de urbanismo	120
Plans parciales	0
Estudos de detalle	28
Proyectos de urbanización	29
Parcelación/Segregación	18
Deslinde/mediciones terreo	1
Outras figuras de ordenación	17
Plan de sectorización	7
Plan especial	7
Modificación Planeamento	13
- Otros traballos	2.436
Comunicaciones encargo	172
Documentación complementaria	1.833
Doc. vinculada a dir. Obra	51
Informes, dictames, certf.	119
Levantamento planos	1
Libro edificio	4
Memoria actividadade	162
Modificación informe	8
Renuncia arquitectos	35
Taxación/Valoración	50
Memoria obras menores	1

## DELEGACION DE LUGO

Rúa Puro Cora xornalistas, 1. 27002 LUGO

- Seguridade e saude 1.201

Aprobación Plan seguridade e saude	36
Estudo básico de seguridade	855
Estudo de seguridade	120
Estudo de seguridade outros técnicos	190

- **TESORERIA**

No exercicio 2005 os honorarios estimativos ascenderos a 22.781.842 €, o que representa un 38,05% máis con respecto os estimados no ano 2004.

Xestionados polos colexiados: 20.602.983 € 90,44% respecto o total

Xestionados pola delegación: 2.178.859 € 09,56% respecto o total

Desglose dos Honorarios estimativos ou de referencia			
Xestión	Tipo 1	Tipo 2	Importe
Colexiado	Libres	O. Privada	18.785.060 €
Colexiado	Libres	O. Oficial	144.255 €
Colexiado	VPO	O. Privada	1.673.668 €
COAG	Libres	O. Privada	1.339.167 €
COAG	Libres	O. Oficial	2.670 €
COAG	VPO	O. Privada	837.022 €

Sinalar que o resultado económico ordinario do exercicio 2005 pechouse cun superavit de douscentos cincuenta e dous mil, novecentos cincuenta e dous euros, (252.952,00 €), motivado principalmente polo aumento dos honorarios estimativos realizados respecto os ornamentos.

Para rematar, e con respecto o prestamo hipotecario suscrito co Banco Santander para poder levar a cabo a construción do edificio Sede da Delegación, por un capital de 420.708,47 euros, indicar que o capital pendente de amortizar o 31 de nadal de 2005 ascende a 175.970,30 euros.

**DELEGACION DE LUGO**

Rúa Puro Cora xornalistas, 1. 27002 LUGO

- **COMISIONS E AGRUPACIONS**
- **COMISION ASESORAMIENTO TECNOLOXICO**

Representante: D. Jorge Gómez Cereijo

- **Cursos e xornadas**

- Curso de “Autocad” – 2005	25 de febreiro
Ponente: Gustavo Ferreiro	
- Curso de “Cubertas”	22 y 23 de abril
Ponente: Ana Sánchez Ostiz Gutiérrez	
- Curso “Cestión del suelo y ejecución de planeamiento”	20 y 21 de maio
Ponente: M <sup>a</sup> Asunción Leboreiro Amaro Lluis Hosta i Privat	
- Charla “Instalaciones de gas natural en edificios de nueva Construcción	31 de maio
Ponente: Pablo J. Nunes Mouzo	
- Curso: “estudios de impacto ambiental en el planeamiento urbanístico”	3 y 4 de xuño
Ponente: José Fariña Tojo Ignacio Español Echaniz	
- Charla presentación empresa Cype.	28 de xuño

Publicacións

Durante o exercicio tramitáronse 86 solicitudes de despacho de publicacións, así cama a custodia e entrega de varios programas Cype.

**DELEGACION DE LUGO**

Rúa Puro Cora xornalistas, 1. 27002 LUGO

• **COMISION DE PLANEAMIENTO**

Representante: Guillermo Carro Rodríguez

• **Actividades**

- Suxerencias o avance do Plan Xeral de Ordeación Urbana do concello de Ribadeo
- Suxerencias a modificación da ordenanza municipal de Lugo reguladora da contaminación Acústica.
- Propostas e suxerencias a modificación do Plan especial de protección do recinto interior de Lugo (PEPRI).

• **COMISION CULTURA**

Representante: José Andel Carreira Montes  
Angel Sánchez González

O Celexiado D. Angel Sánchez González sustituiu, no mes de setembro o celexiado Sr. Carreira Montes con motivo do seu nomeamento como Delegado Provincial en Lugo da Consellería de Vevenda e Solo.

**DELEGACION DE LUGO**

Rúa Puro Cora xornalistas, 1. 27002 LUGO

• **Actividades**

- Concursos Fotográficos “Acertos e Desastres Arquitectónicos na Provincia de Lugo”.

Ca finalidade de reclamar a atención sobre a nova arquitectura pasada e presente e divulgar os bos traballos o obxecto de que sexan coñecidos, valorados e respetados, e coa finalidade, igualmente de chamar a reflexión sobre a degradación da arquitectura e as agresións o patrimonio, convocouse a II edición dos Concursos fotográficos “Acertos e Desastres Arquitectónicos na Provincia de Lugo”

Rematado o prazo de inscrición, presentáronse un total de 153 fotografías: 53 para Acertos e 100 para Desastres.

Da acordo cas Bases dos Concursos, o Xurado outorgou os seguintes premios:

**ACERTOS**

En Vigo, durante os meses de febreiro, marzo e parte de abril do 2005, foi exposto ó público o documento de aprobación inicial do PXOM. Ante a gran complexidade do documento e oinxente traballo do seu análise e difusión, a CPMA actuou en tres direccións de xeito simultáneo: cooperación coas AAVV, convocatoria de mesas redondas de debate e organización duna estructura colexial para debate interno e confección das alegacións.

Asinouse un convenio coa Federación de AAVV para formación dunha equipa técnica formada por dous arquitectos e un avogado liderado polo noso colega Lorenzo Mateos e que desenrolou na sede da FAAVV unha intensa laboura de explicación ós vecinos das parroquias do periurbán da cidade do contido do PXOM, así como asesoramento na confección das alegacións colectivas presentadas por ditas AAVV. A CPMA subvencionou en parte o custe da equipa e suministrou os medios informáticos.

Convocáronse 4 mesas redondas na sé do Centro Social Caixanova, para debate público sobre distintos aspectos do PXOM. Celebráronse os martes 15.02, 01.03, 15.03 e 12.04. Foros invitados á primeira a Universidade de Vigo e os Partidos Políticos locais, á segunda a FAAVV e os Sindicatos, á terceira a Asociación de Empresarios e os Colexios Profesionais e á cuarta os alcaldes da área metropolitana e o COAG.

En canto ó estudio e debate interno no COAG do PXOM, mantivérонse reunións abertas todo-los mércores 03.02, 10.02, 17.02, 24.02, 03.03, 10.03, 17.03, 31.03, 07.04 e 14.04 nas que se foron estudiando distintos aspectos do PXOM. Para desbrozar oinxente e complexo documento, formáronse 5 grupos de traballo con 24 arquitectos que analizaron o Solo Urbano Consolidado, o Solo Urbano non Consolidado zoa centro, o Solo Urbano non Consolidado zoa exterior este, o Solo Urbano non Consolidado zoa exterior oeste e o resto de Solos. As conclusións de ditos grupos de traballo foron a base dos debates dos mércores citados, e as conclusións dos debates compuxeron as alegacións. Todo o proceso foi coordinado polo noso colega Domingo Couto e a redacción final das alegacións forn obxeto previo do filtro global e xurídico da PCPMA e AX.

## **DÍA MUNDIAL DO URBANISMO**

**8 de novembro**

**DÍA MUNDIAL DO URBANISMO**

Organizouse o martes 8 de novembro a celebración do dia mundial do urbanismo. Consistiu en dous percorridos idénticos (un pola mañá, outro pola tarde) en autobús por distintas zonas de Vigo para análise de tecidos residenciais, industriais e de equipamentos. Houbo participación de escolares de dous institutos de ensino medio e do público en xeral, e os percorridos foron comentados polo arquitecto Suso Irisarri e polo xeógrafo Xosé Manoel Souto.



Aproveitando a posibilidade de visitar algúns lugares de Vigo tratouse de facer algunas preguntas sobre a identidade de Vigo, os seus proxectos urbanísticos, a destrución e construcción urbana e os modelos de calidade de vida urbana. Puntos do percorrido:

- 1.-O Concello
- 2.-O Náutico
- 3.-A valla portuaria
- 4.-As Travesas
- 5.-Polígono de Coia
- 6.-A praia de Samil
- 7.-O Caramuxo.
- 8.-Valladares
- 9.-Beade-Bembrive-Candeán
- 10.-Teis-A Guía.

O seguimento da xornada por parte de colexiados, público en xeral e medios de comunicación foi moi satisfactorio, publicandose o día seguinte completas reportaxes en todos os medios escritos da cidade.

**Vigo a 18 de abril de 2006**

**Vº e Pr.  
A PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**

**Asdo.: María A. Leboreiro Amaro**

**Asdo.: Rafael Oliveira Souto**

COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA  
DELEGACION DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Rúa Ramón Piñeiro, nº 10 - baixo - 15702 Santiago de Compostela / teléfono 981.595.898 / Fax 981.594.720

# M E M O R I A

## Ano 2005

# Memoria de Xestión

COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA  
Delegación de Santiago de Compostela

## Obxecto

Conforme dispoñen os artigos 45 e 49 dos estatutos do COAG, (Decreto 293/1999 do 28 de outubro da Xunta de Galicia. DOG de 16 de novembro de 1999) correspondelle á Xunta Directiva da Delegación elaborar e ao Sr. Secretario redactar a Memoria anual de actividades da Delegación que recolla a xestión dos diversos órganos colexiais que traballan a través de ela, así como os acontecementos de maior relevo na vida profesional producidos dentro do ámbito xeográfico no que se desenvolven estas actividades. En cumprimento de tal obriga sométese a coñecemento e sanción dos señores colexiados da Delegación a presente Memoria na que se reflicte o principal do acontecido no pasado ano.

## Presentación

A memoria anual de actividades, ademais de ser una obriga como arriba indicamos, é unha ocasión para facer balance das realizacións feitas no ano anterior e poder así recordar todo o que aconteceu na nosa Delegación.

A obriga de amosar ao resto de colexiados o que fixemos en todo un ano, é unha oportunidade para comunicar aos colexiados as ilusións e inquedanzas, as dificultades e as satisfaccións que dende o exercicio das responsabilidades que asumimos difficilmente transcendan o colectivo.

Non é unha plataforma dende a cal loubar o moito e ben que fixemos, seno mais ben una bambolina dende a que apuntar o moito que esquecemos facer, e polo tanto o moito que queda por poñer en marcha.

Este ano a oficina tivo un funcionamento algo estranxo. Por unha banda un dos empregados, Eduardo, deixou a Delegación para traballar na de Pontevedra; para facer o seu traballo contratouse temporalmente a Isabel Rey Villar. A tempada foi moi longa, e foi xa no 2006 cando puido ser cuberta a súa praza. Por outra banda o arquitecto de control Carlos Henrique Fernández Coto fallou do seu posto durante o cuarto trimestre do ano por mor dunha operación cirúrxica que o deixou coma novo. Aínda que o botamos de menos, sobre todo a Xunta Directiva, foi eficazmente suplido pola colexiada Ana Isabel Piñeiro Esperante. Todos estes trocos fixeron resentirse o día a día da oficina, aínda que coa paciencia dos colexiados e o esforzo dos traballadores, púidose dar resposta ás necesidades cotiás.

O que si tivo mais atrancos foi o traballo da propia Xunta Directiva, que non puido botar adiante algunas propostas que tiña na cabeza para apoiar o traballo na oficina e

Rúa Ramón Piñeiro, nº 10 - baixo - 15702 Santiago de Compostela / teléfono 981.595.898 / Fax 981.594.720

manter ó día a seu funcionamento. Desto saben as diferentes comisións que pensamos que non tiveron a axuda necesaria, e a resposta eficaz perante as súas propostas.

Con todo, puideron comezarse, por fin, as obras da nova Delegación na Casa da Conga que, se todo vai ben, poderán rematar este ano 2006.

## 1. Organización colexial

### 1.1. Xunta Directiva

Presidencia: **D. Carlos Almuíña Díaz**  
Tesouraría: **Dna. Clara González Gil**  
Secretaría: **D. Miguel Serrano Gómez**

A Xunta Directiva celebrou un total de 15 reunións durante o ano 2005.

### 1.2. Xunta de Delegación

Celebráronse dúas reunións da Xunta de Delegación nos locais da Casa da Conga:

3 de abril: Xunta Ordinaria preparatoria da Xunta Xeral Ordinaria de Maio (peche de contas e memoria de xestión)



Rúa Ramón Piñeiro, nº 10 - baixo - 15702 Santiago de Compostela / teléfono 981.595.898 / Fax 981.594.720



24 de novembro: Xunta Ordinaria previa da Xunta Xeral ordinaria de decembro.  
(orzamentos para o 2006)

### 1.3. Comisións

Na Delegación de Santiago funcionan as comisións de Cultura, Planeamento e Medio Ambiente, e a de Asuntos Tecnolóxicos (CAT).

### 1.4. Oficinas colexiais

O persoal da Delegación está composto por catro persoas:

- Un arquitecto de control e visado
- Tres administrativos (un xefe administrativo e dous oficiais)

Por mor da baixa de Eduardo, que marchou a traballar na Delegación de Pontevedra contratouse temporalmente unha auxiliar administrativa, Isabel Rey, mentres non se resolvía a contratación definitiva para cubrir a vacante.

Tamén tivemos contratada a tempo parcial unha arquitecta, Ana Piñeiro, para levar a cabo un apoio a Xunta Directiva no visado dos traballos dos colexiados, e como asesoramento en xeral.

### 1.5. Colexiados

O número de colexiados inscritos na Delegación, a 31/03/2005 é de **208** arquitectos e **37** sociedades colexiais. Durante o período da presente memoria producíronse 13 altas de colexiados e 2 novas sociedades.

## 2. Servizos colexiais

### 2.1. Tramitación e visados

Número de expedientes do ano 2005 tramitáronse **1.318** novos expedientes, á parte das ampliacións, modificacións e liquidacións de expedientes anteriores, con un total de **5.788** documentos tramitados.

Durante o ano 2005, producíronse os seguintes datos de liquidacións e tramitación de seguros:

#### ASEMAS

Nº de tramitacións de DRO diante de ASEMÁS:	881
Importe das liquidacións a ASEMÁS:	482.868'78
Partes de incidencia:	17
Asuntos diversos (altas, modificacións, renuncias, etc.)	68

### 2.2. Información e circulares

A información rápida e veraz dos colexiados é unha preocupación da Xunta Directiva e, neste momento, coa utilización maioritaria do correo electrónico polos colexiados o envío de circulares faise más sinxelo.

Este ano mantívose o envío das circulares tamén en papel aos colexiados que tiñan solicitado o envío por este medio, aínda que a rapidez nestes envíos no é a desexada, e moita información, aínda que sexa de unha interese relativa as veces chega tarde. Esperamos que este año poida mellorarse algo neste senso coa centralización a un sistema informático xeral de toda a información.

## 2.3. Asesoría xurídica

### 2.3.1. Juan Jesús Raposo Arceo

Asesora actualmente ós colexiados de Santiago en temas urbanísticos, así como á Xunta Directiva e, en particular, á Comisión de Planeamento e Medio Ambiente.

Para facilitar o acceso dos colexiados á asesoría, fixouse os xoves de 10 a 14 horas como horario de consulta nos locais da Delegación (previo aviso ao persoal da oficina). En todo caso, e previo aviso, existe disponibilidade na Oficina da Delegación, en calquera día, cando sexa requerido polos Colexiados.

As consultas realizadas por colexiados, en relación co exercicio da profesión: versaron sobre materia de contratos, redacción dos mesmos e forma de resolución de contratos con promotores. Suscitaronse cuestións relativas a consecuencias xurídicas de resolucións contractuais, e formas de exercitar accións contra os contratantes non cumpridores das súas obrigas. Tamén se suscitaron cuestións verbo da responsabilidade derivada da dirección facultativa das obras ou da redacción de proxectos, así como de cuestións derivadas da Lei de Ordenación da Edificación, e en materia de redacción dos certificados finais de obras.

Nas consultas realizadas en materia colexial, propuxérонse cuestións relativas en particular en materia de seguros de responsabilidade civil, venia colexial e á autorización para desenvolver proxectos iniciados por outros arquitectos.

Sobre urbanismo suscitaronse cuestións en materia de licenzas e disciplina urbanística, basicamente. En especial, problemas verbo das distancias de construccions e edificacións a plantacións, vías públicas, temas relativos a legalizacións de obras... Tamén en materia de incidencia da normativa sectorial en procesos urbanísticos: lei de Costas, lexislación de patrimonio histórico, normativa de estradas, rede natura, etc.

Tamén xurdiron preguntas en materia de planeamento, especialmente Plans Parciais e Estudios de Detalle. Destacaron as consultas relativas a actuacións das Administracións Públicas (en particular, respecto ás Administracións Locais). Incrementáronse notablemente as consultas sobre cualificación de terreos, posibilidades constructivas en chans rústicos comúns e protexidos, sobre planes parciais, e planes especiais.

Rúa Ramón Piñeiro, nº 10 - baixo - 15702 Santiago de Compostela / teléfono 981.595.898 / Fax 981.594.720

Juan Raposo tamén redacta informes e dictames a petición da Xunta directiva, facendo dictame verbo da protección da parras como patrimonio cultural, sobre o seguro de responsabilidade civil do arquitecto como asalariado, e sobre o certificado do final de obra.

Ademais, encárgase da organización de actividades formativas (en especial colaboración coa Comisión de Planeamento), e de convenios con institucións e participa como relator en cursos e xornadas organizadas dende a Delegación como a relativa a nova Lei de Ordenación Urbanística de Galicia o en materias sobre as limitacións sectoriais á propiedade.

### 2.3.2. Filomena Casal Gómez

Atende reclamacións xudiciais e extraxudiciais de honorarios..

## 2.4. Servizo de planeamento

Durante o período as consultas o planeamento da Delegación vai caendo por mor da informatización dos últimos instrumentos de planeamento aprobados.

A Delegación obtivo os arquivos informáticos dalgúns deles e repártense entre os colexiados que o solicitan, ademais de intentar ter en papel a maior cantidade posible, pola facilidade que elo supón para o consulta na Delegación.

Ata o de agora se ten os seguintes planeamentos xerais informatizados:

**A Baña**  
**Ames**  
**Boiro**  
**Brión**  
**Rois**  
**Oroso**  
**Ribeira**  
**O Pino**  
**Santa Comba**

Malia os avances neste senso, hai necesidade dunha actualización dos documentos presentes na Delegación, e unha posta a punto e organización da documentación

existente, e nestes momentos estase a informatizar o Plan Especial de Protección do casco histórico de Santiago que é o documento mais visitado polos colexiados.

## 2.5. Relacións cos medios

Durante o 2005, Vía Láctea Comunicación foi a oficina de prensa e comunicación da Delegación de Santiago do COAG. Difundiu actos e actividades de signo corporativo, profesional, cultural e social; buscou novos filóns informativos; asesorou á Xunta Directiva no seu labor de representación; e, en definitiva, velou pola proxección e boa imaxe da Delegación.

A penetración informativa acadada no ano 2005 pola Delegación de Santiago do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia obtivo un crecemento un descenso respecto ó pasado ano, tanto nos medios escritos como nos audiovisuais. Foron más de 16 paxinas publicadas en prensa e mais de catro horas nos medios audiovisuais, o dobre que o ano pasado. Hai que engadir o espazo semanal en Radio Galicia-SER, de 10-12 minutos, que realiza Carlos Almuíña. Lembremos que se trata duna sección sobre arquitectura e urbanismo de carácter divulgativo, na que tamén se comentan os actos, actividades e opinións colexiais.

As novas que tiveron maior repercusión neste ano foron a representación dos datos de visado do colexio , a homenaxe realizada ó arquitecto Rafael Baltar e a celebración do día mundial da arquitectura. En canto a presentación dos datos de visado, destaca a portada de La Voz de Galicia e ata 11 impactos informativos nas edicións de Santiago e Barbanza do citado xornal. El Correo Gallego e Galicia Hoxe tamén se interesaron polo nosos informe.

A homenaxe do Arquitecto Rafael Baltar foi o acto mais emotivo deste ano e u dos de maior repercusión mediática. Numerosas personalidades da sociedade de Compostela así como arquitectos de toda Galicia déronse cita neste acto. La Opinión, edición de Santiago de LA Voz de Galicia, e na sección de sociedad ,El Correo Gallego, e varios suplementos destacaron la noticia na súas paxinas.

A celebración en outubro do Día Mundial da Arquitectura dedicado este ano ao Conservatorio Profesional de Música de Santiago, tivo tamén unha repercusión moi importante. Todos os periódicos galegos reflectiron a celebración desta efeméride e, concretamente en Santiago, os diarios da cidade dedicaron grandes espazos ao edificio

Rúa Ramón Piñeiro, nº 10 - baixo - 15702 Santiago de Compostela / teléfono 981.595.898 / Fax 981.594.720

homenaxeado, obra do arquitecto José Antonio Franco Taboada. La Voz de Galicia, El Correo Gallego e Galicia Hoxe reflectiron esta noticia e outros xornais galegos como La Opinión ou o Diario de Pontevedra presentaron especial atención a este edificio. En canto aos medios audiovisuais, Radio Voz, Onda cero fixeron entrevistas a representantes da Comisión de Cultura do Colexio e a Televisión de Galicia e Código TV reflectiron a noticia cunha reportaxe da celebración.

Dúas exposicións celebráronse este ano: Galicia en Foco e Europan 7. A primeira, que celebraba este ano a súa decimo quinta edición, tivo unha repercusión importante: Dúas axencias de noticias (Axencia Galega de Noticias e Europa Press) e 11 xornais demostran o interese que tivo esta mostra . Destaca que a noticia foi acompañada. na maioría dos casos coas fotografías premiadas. Respecto a segunda exposición , Europán 7, todos os periódicos de Santiago (La Voz de Galicia,-edición de Santiago, El Correo Gallego, e Galicia Hoxe) e o Diario de Pontevedra, no seu suplemento social dos domingos publicaron as fotografías da inauguración. A televisión de Galicia, Localia e Código TV foron a gravar en días posteriores.

Outros dos temas que tiveron unha boa acollida entre os medios de comunicación foi a presentación dos cursos para o profesorado do Proxecto Terra e a posterior celebración dos mesmos. Xornais de Santiago e de fóra amosaron o seu interese por esta nova. La Voz de Galicia (edición de Santiago e Xeral), El Correo Gallego, Galicia Hoxe, El Progreso e o Diario de Pontevedra reflectiron esta noticia.

En canto aos temas sociais tratados, destaca a visita do prestixioso arquitecto Norman Foster ás cubertas da Catedral que interesou a La Voz de Galicia de Santiago, El Coreo Gallego en dúas ocasións e ao faro de Vigo.

A repercusión informativa en prensa escrita dos proxectos e eventos promovidos polo COAG-Santiago durante o ano 2004 tradúcese nun total de 832 módulos, o que equivale a algo máis de 16 páxinas completas de información.

Esta mesma empresa esta a ofrecer o servizo de revista de prensa, enviando vía correo electrónico resúmes das noticias aparecidas nos xornais relacionadas coa arquitectura, construción, vivenda, patrimonio, urbanismo e seguridade no traballo.

## 2.6. Web da Delegación de Santiago

Vía Láctea encárgase de actualizar os contidos da paxina web propia da Delegación, segundo as diferentes comisións e agrupacións van aportando.

---

Rúa Ramón Piñeiro, nº 10 - baixo - 15702 Santiago de Compostela / teléfono 981.595.898 / Fax 981.594.720

Aínda que existe a posibilidade por parte de calquera colexiado de enviar información, incorporación de información á paxina é escasa, e polo tanto a actualización é deficiente. Por mor destas circunstancias estase a pensar na incorporación da información desta páxina na paxina xeral do Colexio.

### 3. Relacións institucionais e convenios

#### 3.1. Consello Galego para a promoción da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ten participación no Consello, por medio dun arquitecto titular e un suplente, sendo este último o noso arquitecto de control, don Carlos Henrique Fernández Coto.

#### 3.2. Colaboración coas administracións

**Concello de Teo:** A Delegación de Santiago participou activamente na provisión dunha praza de arquitecto municipal, participando no xurado para a súa elección, representados polo colexiado D. Manuel Suárez Bemudez.

**Concello de Rianxo:** Por petición do grupo do BNG do Concello, a colexiada Marta Bellas foi nomeada para asesorar aos concelleiros co relación ao Plan Xeral de Ordenación Municipal que están a redactar.

#### 3.3. Universidade de Santiago de Compostela

Firmouse un Convenio coa Universidades de Santiago para un Curso de posgrao en Xestión de Empresas construtoras e inmobiliarias, no que os colexiados que se inscriban a través do Colexio teñen una rebaixa da matrícula, en condicións similares as do ano pasado.

#### 3.4. Fundación Cidade da Cultura de Galicia

En Maio renóvase o Convenio coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia, para a realizacións de actividades culturais conxuntas.

De resultas do convenio a Comisión de Cultura organizou diversas visitas as obras, que tiveron unha boa acollida entre os colexiados, tanto de Santiago coma do resto de Galicia.

## 4. Actividades de comisións e agrupacións

### 4.1. Comisión de Cultura

Durante este ano a Comisión de Cultura estivo formada polos arquitectos: M<sup>a</sup> del Carmen García, Raimundo García Temes, Carmen Rey e Susana R. Alemparte.

Realizáronse as seguintes exposicións:

#### 1.- Exposición Galicia en Foco. Xaneiro 2004.

Do 13 ao 28 de Xaneiro celebrouse a exposición “Galicia en Foco”

#### 2.- Exposición EUROPAN

No mes de Setembro celebrouse a exposición “EUROPAN” do 23 de Setembro ó 23 de Outubro.



Verbo da catalogación dos fondos da Delegación, están localizadas case todas as obras depositadas polos artistas.

## DÍA MUNDIAL DA ARQUITECTURA

3 de Outubro de 2004

Rúa Ramón Piñeiro, nº 10 - baixo - 15702 Santiago de Compostela / teléfono 981.595.898 / Fax 981.594.720

Edificio seleccionado: Conservatorio Superior de Música de Santiago.

Autor: José Antonio Franco Taboada.



O acto de este ano contou cunha presentación na que participaron representantes do conservatorio, da Delegación do COAG en Santiago e da súa comisión de cultura, da consellería de educación, do concello, e o autor da obra.

Amenizouse o acto cun concerto levado a cabo por unha alumna do conservatorio, e finalizouse cunha visita e explicación da obra por parte do seu autor.

### VISITAS DE ARQUITECTURA

Ó día 21 de Maio organizouse unha visita pola cidade de Santiago e a súa arquitectura para colexiados da Delegación de Ponferrada do Colexio Oficial de Arquitectos de León.

### PROXECTO TERRA

Recompilación e elaboración da documentación necesaria para a preparación da Guía para a visita da cidade de Santiago de Compostela.

### Revista “SC+A” da Delegación do COAG en Santiago

A Comisión de Cultura redactou varios artigos para o borrador do número 4 da revista da Delegación.

- Información sobre o Proxecto Terra.
- Información sobre o Día da Arquitectura.
- Documentación do Edificio do conservatorio Superior de Música.  
(preparado polo autor)
- Información sobre os Encontros de Arquitectura (preparado polos autores)
- Información sobre exposición de Europan.

### 4.2. Comisión de Planeamento e Medio Ambiente

O representante da Comisión de Planeamento e Medio Ambiente e don Alfredo Varela Nogueira.

Rúa Ramón Piñeiro, nº 10 - baixo - 15702 Santiago de Compostela / teléfono 981.595.898 / Fax 981.594.720

Durante o ano 2005 a comisión mantivo xuntanzas para analizar e debater os Planos Xerais de Ordenación Municipal que foron presentándose na zona.

Presentáronse os seguintes informes:

- Alegacións ao documento de Aprobación Inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Santiago
- Alegacións ao documento de Aprobación Inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Pobra do Caramiñal

#### **4.3. Comisión de Asesoramento Tecnolóxico**

O representante na delegación de Santiago da Comisión de Asesoramento tecnolóxico é don **Manuel Xosé Freire Tellado**.

#### **COMUNICACIÓN CON COLEGIADOS. CIRCULARES E AVISOS.**

Durante o ano 2005, áinda que con algúns problemas, consolidouse o sistema de circulares electrónicas como medio de comunicación cos colexiados. Este medio, cunha estrutura más o menos constante, reforzouse cun sistema de avisos electrónicos nas proximidades dos actos reflectidos.

Elaboráronse 5 circulares e remitido outros tantos recordatorios.

Como medio de complementar a comunicación proponse a creación dun correo electrónico para as propostas de colexiados. e tamén a creación dun área específica na Web.

#### **ACTIVIDADES DEL PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE**

Organizáronse dous cursos

##### **1. Curso de humidades en sotos.**

Relatores: Lino Cuervo Menéndez y Tomás Ferreres García.

Fecha: 11-12 Marzo de 2005

Este curso foi suspendido pola escasa matrícula.

## 2. Curso de avaliação de estruturas existentes.

Os días 25 y 26 de novembro estaba prevista la realización do Curso de Avaliación de Estructuras Existentes, pero tivo que ser posposto debido á celebración dun Congreso médico que esgotou as prazas hoteleiras da cidade e do arredor.

Finalmente celebrouse o 27 de xaneiro de 2006 con gran éxito, quedando esgotadas as 50 prazas de matrícula previstas.

Relatores: INTEMAC

Co fin de facilitar a asistencia dos alumnos do Mestre de Estruturas a este curso que pertence ao mesmo ámbito, acordouse coa CAT de Sede crear una matrícula reducida para estes alumnos.

## CURSO DE ADAPTACIÓN DE AUTOCAD 14 A 2006.

Actualización e perfeccionamento para usuarios da 14 e 2000, que desexen dar o salto coa seguridade e a fondo á versión 2006, e o mesmo tempo mellorar noso traballo coas ferramentas existentes. Traballar máis rápido e con menos esforzos, organizando mellor Autocad, actualizando noso modo de traballo ao que xa adoptaron a meirande parte dos usuarios actuais de Autocad.

Programa:

- Personalizar Autocad e adaptar as opcións.
- Personalizar iconos e menús
- Novo Refent
- Bibliotecas de símbolos: bloques más doados.
- Designcenter
- Todo sobre Referencias Externas. RefX.
- Novas normas de CAD. Tradutor de capas.
- Imprimir: presentacións e planos finais.
- Imprimir Avanzado: conxuntos de planos
- Pdf: o futuro dos planos electrónicos para Internet
- Acoutación rápida. Sombreado avanzado
- Express ferramentas extra
- eTransmit: envío e copia de seguridade de proxectos

Rúa Ramón Piñeiro, nº 10 - baixo - 15702 Santiago de Compostela / teléfono 981.595.898 / Fax 981.594.720

No curso realizáronse prácticas concretas con proxectos de arquitectura: planos de vivendas unifamiliares, edificios de vivendas repetitivas, exemplos en tempo real de traballo por internet, instalación de programas y CD de apoio con contidos de balde cedidos por outros usuarios.

Tralo éxito da celebración deste curso e dado que ficaron varios colexiados en lista de espera por mor da limitación de prazas imposta, fíxose a proposta de repetición do curso para xaneiro do 2006, aínda que finalmente non se acadou o mínimo demandado.

## CHARLAS TÉCNICAS

### CHARLA TÉCNICA 'Proxectos de Iluminación na Arquitectura'

Relatores: Joaquín Adell Caldúch (ERCO España) y D. Pablo Nieto (ERCO Galicia)  
Data 17 Marzo do 2005

Lugar: Sala de Actos do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais

A charla mostrou as posibilidades de iluminación na arquitectura mediante un bo número de proxectos construídos.

Temario:

Luz en lugar de luces

Guía Light Scout

Da luz técnica á emocional

Proxectos: Do "Museo do mar" a "Zara" world wide

### XORNADAS TÉCNICAS BUTECH (GRUPO PORCELANOSA)

A empresa Butech (Grupo Porcelanosa) impartiu unhas xornadas técnicas sobre Fachadas Ventiladas e Fachadas Pegadas, Solos Técnicos e Acústica , os días los días 8 de novembro, 13 de decembro y 17 de xaneiro.

O programa previsto é o seguinte:

**CHARLA DE Fachadas Ventiladas e Fachadas Pegadas:** 8-11-05

**CHARLA DE Solos Técnicos:** 13-12-05

**CHARLA DE Acústica:** 17-1-06

- Introducción/presentación.
- Fachadas (Ventiladas e Pegadas) / Solos Técnicos / Acústica: Orixes e desenvolvemento.
- Principais componentes de Fachadas ( Ventiladas y Pegadas) / Solos Técnicos / Acústica.
- Características mecánicas de / Fachadas (Ventiladas y Pegadas) / Solos Técnicos / Acústica.
- Solucións técnicas a diferentes problemas de instalación.
- Rogos e preguntas.
- Viño

### Xuntas Xerais da CAT

O representante na Delegación asistiu ás seguintes xuntanzas de coordinación da CAT Galicia

07-xullo: A Coruña

24-novembro: Vigo

### BOLSAS DE FORMACIÓN

A Xunta Directiva da Delegación de Santiago do COAG acordó poñer a dispor dos colexiados bolsas para asistir ao "2º CURSO DE DESEÑO E CALCULO DE ESTRUCTURAS" que organiza a CAT conxuntamente coa Escola de Arquitectura de A Coruña.

Dispuxéronse catro medias bolsas, condicionadas á asistencia ao curso e a obtención do correspondente Titulo.

### 4.4. Agrupación de Arquitectos Peritos e Forenses

O representante en Santiago é José Manuel Bernardez Matovelle.

Neste momento estase a redactar o Regulamento da Agrupación, ocupando parte das enerxías da mesma.

### CHARLA-COLOQUIO SOBRE CONCLUSIONS AS V XORNADAS CGPJ-CSCAE EN LOGROÑO

Data: xoves 1 de decembro de 2005

Lugar: Salón de Actos do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais.

Relator: José Bernárdez Matovelle

Mesa: Colexiados asistentes as Xornadas.

A Agrupación representada polo seu presidente en Santiago participou nun relatorio no Colexio Oficial de Avogados de Santiago, auspiciada pola Escola de Práctica Xurídica sobre a **Práctica Pericial Civil**.

Estanse tendo conversas co representantes da avogacía e do mundo xudicial con obxecto de preparar algúns encontros con todas as partes imbricadas e poder coñecernos todos un pouco mais.

#### 4.5. Xornadas de Arquitectura Bioclimática

Ademais de tódalas actividades desenvoltas neste eido polas comisións colexiais, que xa mencionamos, cómpre salientar a celebración das **VIII Xornadas de Arquitectura Bioclimática**, coordinadas por don Federico López Taetzel, e en colaboración co Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia.

Tiveron lugar en Santiago, do 4 ó 26 de novembro na sede do COAG.

Este ano as xornadas ademais de amosar algúns edificios demostrativos da arquitectura bioclimática, debatérónse algúns aspectos da sustentabilidade no urbanismo, con propostas de discusión dende a “Agencia de Ecología Urbana” de Barcelona e dende o “Instituto para una Arquitectura y un Urbanismo mas sostenible” de Madrid.

Tamén incorporouse á reflexión a bioconstrucción con materiais saudábeis, aportados dende a experiencia de unha bio-arquitecta alemana.

## 5. Actividades colexiais

### 5.1. Revista da Delegación (SC+A)

Dado que o nº 3 xa leva tempo redactado e non sae por falta de tempo que dedicar a revista, contratouse unha colexiada para coordinar as tarefas de publicación da revista. Gracias a esto puido saír o devandito número xa no 2006.

### 5.2. Xornada sobre “a estrutura colexial”

Este ano, organizada pola Comisión de Asesoramento Tecnolóxico, celebrouse unha xornada de benvida aos novos colexiados para facerlles una presentación do Colexio de Arquitectos e o seu funcionamento, así como presentar a irmandade HNA e ASEMAS, e a súa utilidade para o arquitecto. Aínda que dirixido principalmente aos novos colexiados, pretendese que sirva de posta o día para os xa no tan recentes.

A xornada realizouse o día 12 Maio, xoves na Sala de Actos da Sede do COAG na Praza da Quintana s/n, as 4,30 horas, e desenvolveu o seguinte programa:

A estrutura colexial. órganos de goberno. Perspectivas de futuro. Deontoloxía e publicidade. Áreas de traballo do arquitecto.

**Carlos Almuíña Díaz, Presidente da Delegación.**

A Delegación Colexial: servizos e actividades.

**Miguel Serrano Gómez, Secretario da Delegación.**

A elaboración e os custos dun proxecto real. Documentación do proxecto, obra, final de obra e libro do edificio.

**Carlos Henrique Fernández Coto, Arquitecto de control da Delegación.**

Erros e responsabilidades do arquitecto

**José Manuel Bernárdez Matovelle. Presidente en Santiago da AAPF.**

Responsabilidades do arquitecto -fiscais, civís y penais-.

**Juan Raposo Arceo, Doutor en Dereito e Asesor da Delegación.**

ASEMAS. Mutua de seguros e reaseguros a prima fixa.

**Lucía Platas, Responsable en Galicia**

Rúa Ramón Piñeiro, nº 10 - baixo - 15702 Santiago de Compostela / teléfono 981.595.898 / Fax 981.594.720

A Irmandade Nacional de Arquitectos (HNA).  
**Mabel Sanmartín. Responsable en Galicia.**

Caixa de Arquitectos  
**Susana . Directora da Oficina de A Coruña**

Coloquio: Exposición de experiencias persoais dos relatores e preguntas de asistentes

Viño de confraternización.

### **5.3. Arquitectos sen Fronteiras**

A Delegación de Santiago do COAG colaborou con Arquitectos Sen Fronteiras de Galicia aportando 1.759 euros para o financiamento do proxecto: “Apoio á autoconstrucción de vivendas en terras recuperadas pola comunidade indíxena e campesiña Victorias 3” no concello de Champerico en Guatemala.

### **5.3. Outras actividades**

O venres 20 de xaneiro do 2004 festexouse o **Día da Patroa** dos arquitectos (Nosa Señora de Belén na súa Fuxida a Exipto) no Hotel NH-Obradoiro no que se celebrou unha cea de confraternidade e baile amenizado por un DJ, coa asistencia de 170 persoas (entre colexiados e acompañantes). Na cea sorteouse unha estancia de fin de semana nun hotel de Lisboa.

Santiago de Compostela, abril de 2006

## **MEMORIA DE GESTIÓN**

**MAYO/05-ABRIL/06**

### **JUNTA DIRECTIVA**

La composición de la Junta Directiva de la Delegación de Ferrol es la siguiente:

Juan A. Pérez López de Gamarra, Presidente.

Juan A. Vila Pita, Secretario.

Ramón Irazu Riveira, Tesorero.

El día 6 de febrero, y a petición del Sr. Presidente de la Delegación, presentan la dimisión de sus cargos el Secretario, D. Juan A. Vila Pita, y el Tesorero, D. Ramón Irazu Riveira.

La Junta de Gobierno convoca elecciones parciales y se fija la fecha de la votación el día 25 de mayo de 2.006.

### **REUNIONES DE LA JUNTA DE DELEGACION**

Se han celebrado dos Juntas de Delegación en las siguientes fechas:

29/04/2005

29/11/2005

### **REUNIONES DE LA JUNTA DIRECTIVA**

La Junta Directiva se ha reunido en 6 ocasiones, en las siguientes fechas:

29.04.2005: Trámites de gestión.

19.05.2005: Se acuerda dar traslado a la Junta de Gobierno del COAG del expediente de D. José Fernández Salas, Cristina Fernández Cid y Pablo

Rodríguez Vales-Villamarín contra D. Fermín Corrochano Casares, cuyo promotor es Promociones Inmobiliarias Folgar Coruña S.L.

27.05.2005: Se acuerda contratar a Dñ<sup>a</sup> Ana Mayo Vázquez para cubrir la baja laboral de Dñ<sup>a</sup> Adela Fuentes Fojo.

01.06.2005: A la vista de los informes del arquitecto de control y del asesor jurídico de la Delegación, se acuerda remitir el expediente de gestión de cobro de honorarios de D. José Fernández Salas y la sociedad “Salas, Cid, Vales arquitectos S.L.” a la Junta de Gobierno para su estudio.

27.07.2005: se adoptan los siguientes acuerdos:

- Sobreseer el expediente abierto a instancias de José Fernández Salas
- Contratar los servicios de Asesoría Jurídica de la Delegación al despacho de abogados de D. José Seoane Iglesias, que ya venía desempeñando esta labor para la Delegación desde hace veinticinco años.

25.10.2005: Acuerdo sobre el horario de atención personal de la Delegación de 9.00 a 14.00 h., lo cual se comunica por correo a todos los colegiados de la Delegación.

## COMISIONES

### 1. Comisión de Asesoramiento Tecnológico

La primera parte del año el representante de la Comisión de Asesoramiento Tecnológico es D. Felipe Picos Brage pero, ante su petición de ser renovado del cargo, la Junta Directiva acepta y designa como nueva representante de la citada Comisión a Dñ<sup>a</sup> María de la Luz Fernández Lemos.

Ha desarrollado las siguientes actividades:

### FORMACION

### AREA DE CIMENTACIONES

### 14 y 15 de octubre de 2005

Curso de Excavaciones y Contención de Tierras.

### 21 y 22 de octubre de 2005

Curso de Cimentaciones Superficiales.

### 4 y 5 de noviembre de 2005

Curso de Cimentaciones Especiales. Se suspendió.

### CHARLAS TECNICAS

### 27 de octubre de 2005

Con motivo del convenio suscrito con CYPE INGENIEROS S.A. tiene lugar la presentación de los programas de Instalaciones de edificios, Predimensionadores de presupuestos, Generador de Precios y Arquímedes.

## **2. Comisión de Cultura**

El presidente de la Comisión de Cultura en este período es D. José M. López Leira y colaboran con él los colegiados D. Federico Carro Gil, D. Miguel A. Reimundez González y Dña Manuela Mosquera Amado, junto con Pedro Garat Caramés, estudiante de arquitectura.

### **2.1.- DIA MUNDIAL DE LA ARQUITECTURA**

Se dedica este año al Barrio de Recimil con una conferencia del arquitecto D. Alfonso Díaz Revilla.

Durante toda la semana precedente, se hace una campaña en la prensa local con el envío de varias notas de prensa y la participación en programas de radio.

### **2.2.- GRUPO DE ACCION LOCAL “COSTA ARTABRA”.**

Colaboración con la Asociación de Desenvolvimiento Local Costa Ártabra para la elaboración de los criterios de intervención arquitectónica en proyectos para la linea de establecimientos “Tabernas Ártabras”.

Intervienen en estos trabajos:

José Manuel López Leira  
Francisco Otero  
Xan Alborés

### 2.3.- GUIA DE ARQUITECTURA DE FERROL

Durante este año terminaron los trabajos de documentación y elaboración de contenidos para la publicación “Guía de Arquitectura de Ferrol y Comarca”.

El trabajo es realizado por Miguel A. Reimundez.

Los trabajos correspondientes a Narón, Neda, Fene y Ares los realizan Francisco Otero, Federico Carro Gil y José Manuel López Leira.

Se realiza la maquetación de un nuevo plano de Arquitectura de Ferrol y Ría, que complementa el anterior del Barrio de la Magdalena.

La maquetación está realizada por la arquitecta Elvira Paz y se incluye dentro de los trabajos correspondientes a la publicación “Guía de Arquitectura de Ferrol y Comarca”.

### 2.4.- EXPOSICIONES

22/12/05 al 12/01/06

Exposición de fotografías de Gonzalo Sánchez Folgueira (Zalo)

10 al 31/03/06

Exposición de fotografías de Manuel Penín Álvarez bajo el título “Imágenes y Textos”.

### 3. Comisión de Planeamiento y Medio Ambiente

El responsable de la Comisión de Planeamiento y Medio Ambiente en este período es Miguel A. Reimundez González.

#### 3.1.- ACTIVIDADES

##### **Presentación de alegaciones**

Entendiendo que el COAG debe estar presente en la discusión del diseño de la ciudad, la Comisión de Planeamiento y Medio Ambiente presentó alegaciones a la tramitación de diferentes figuras de desarrollo del Plan General municipal, continuando con el camino emprendido en el año 2.004 por el anterior responsable de la Comisión.

22/08/05

Presentación de alegación al PE-1 de protección y rehabilitación del barrio de la Magdalena (anexo aprobación inicial).

23/09/05

Presentación de alegación al PERI-2-R Sánchez Aguilera.

03/11/05

Como consecuencia de la reiterada negativa del Ayuntamiento de Ferrol a dar respuesta a las alegaciones formuladas desde esta Comisión de Planeamiento en el curso de los últimos tres años, se decidió presentar un dossier a la Consellería de Política Territorial en el que se le comunicaba este hecho y se le adjuntaban dichas alegaciones.

25/01/06

Presentación de escrito al Concejal de Urbanismo Sr. Pita Romero declinando la invitación a discutir los criterios de interpretación de la Ordenanza 2 Ferrol Vello, habida cuenta de que la interpretación que de ella hacía el Ayuntamiento era completamente contraria al enfoque del Plan, y que no eran discutibles las cuestiones de matiz.

## Actos

09/02/06

En colaboración con el colectivo ecologista “Lapis Verdes”, se organizó una charla coloquio de Miguel Díaz Varela y Miguel Angel Reimúndez González bajo el título de “un modelo de desenvolvemento urbano sostible para a área urbana de Ferrol”.

Esta charla, en la que además de arquitectos colegiados acudieron representantes de diferentes colectivos ciudadanos, dio lugar a un interesante debate.

## Presencia pública en debates

Como respuesta a las invitaciones que periódicamente se hacen desde la televisión local Canal 31, el responsable de esta Comisión se desplazó a los estudios de este medio para participar en los siguientes debates:

*Plan Especial de la Magdalena*, con Jorge Antón Fernández (Gerente de Urbanismo del Ayuntamiento de Ferrol) y un representante de la asociación de Comerciantes del Barrio.

*Ferrol Vello*, con Jorge Antón Fernández y un representante de la Asociación de Vecinos de Ferrol Vello.

*Recuperación Barrio da Magdalena e Ferrol Vello*, con José Fernández (promotor) y Rosa Méndez (investigadora de la Facultad de Humanidades).

*Recimil a Debate*, organizado por el colectivo ecologista “Lapis Verdes” en la Galería Sargadelos.

*Encontros coa información. Ferrol ¿existe un modelo de cidade?*, organizado por la Asociación Fuco Buxán.

## **Concurso Internacional de Ideas sobre el área urbana de Ferrol**

Con respecto a la preparación del concurso, se terminó la elaboración de bases documentales, programa y objetivos de los 5 temas planteados.

Entrevista con Amable Dopico Freire, presidente de la Autoridad Portuaria Ferrol-San Ciprián. Se redactó un Borrador de Convenio.

## **Reunión de la Comisión Provincial de Patrimonio Cultural**

En respuesta a la solicitud de la Comisión Provincial de Patrimonio Cultural en torno a la catalogación del Barrio de Recimil, se aportó un dossier donde se defendían sus valores urbanísticos y patrimoniales.

## **Exposición sobre Recimil**

En colaboración con la Comisión de Cultura se está preparando desde hace un par de meses una exposición sobre el Barrio de Recimil.

## **CIERRE DE CUENTAS**

Se procede a la aprobación del Cierre de Cuentas de la Delegación correspondiente al ejercicio del año 2.004, en la reunión de Junta de Delegación celebrada el 29 de abril de 2.005.

## **PRESUPUESTO DE LA DELEGACION.**

Se procede a la aprobación del Presupuesto de la Delegación correspondiente al ejercicio 2.006, el 29 de noviembre de 2.005.